



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 18 DE MAIO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

Secretaria Accidental

D^a M^a Esther Castro Vázquez

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 18 de maio 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presideancia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes e a todos e a todas e benvidos a todo o público asistente, moitas grazas por estar aquí. O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta anterior do Pleno celebrado o 25 de febreiro do 2016. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “Aprobación da acta do 25 de febreiro de 2016”.

Dáse conta do erro na acta do 15 de febreiro de 2016 no punto número 8 “Moción para o fomento do emprego” no que non consta o voto emitido polo Partido Popular que neste caso foi abstención, dáse conta deste erro para a súa subsanación. **“Voto do Partido Popular na acta do 15 de febreiro de 2016 no punto número 8 Moción para o fomento do emprego, abstención”**

2- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a declaración de servizos prioritarios para a contratación de dous auxiliares de Policía Local. Pois ben aquí hai que sinalar que non existe ningún tipo de regulación que obrigue de forma explícita a un ratio de Policías Locais, simplemente existen unha serie de recomendacións que pode facer a Unión Europea e neste caso tamén a fai a Lei de coordinación e de Policías Locais de Galicia. Neste texto que na coordinación de Policías Locais de Galicia fálase dun ratio aconsellable de 1,8 por cada 1000 habitantes, sen embargo unha recomendación que é máis aplicable a Barbadás, sería un por cada 1000 habitantes no ano 2001 creouse a Policía Local no noso Concello con tres axentes ata o 2012 non se aumentou o número de efectivos con tres novos Policías Locais, cada vez este corpo desempeña cometidos máis complexos e polo tanto é importante ampliar ou intentar ampliar os seus efectivos. Como di no informe o ratio de 1,8 policías por habitantes parece excesivo para este Concello dado que aquí actúan varios corpos de seguridade do Estado como pode ser de feito a Policía Local, Garda Civil, a Policía Nacional e incluso a Policía autonómica, pero si que se fai necesario ampliar esta plantilla, de feito nos orzamentos do 2016, está previsto cuantificado mellor dito a incorporación dun efectivo estamos a expensas de que a Xunta de Galicia o aprobase entón dado que aínda non está aprobado contemplase, solicítase ou



sométese a consideración deste Pleno que para a tempada de verán e mentres non se amplíe a plantilla, contratar dous auxiliares de Policía Local para reforzar a plantilla precisamente no periodo vacacional, aquí está a argumentación en canto ós servizos prioritarios e esenciais e isto é o que se somete a consideración deste Pleno. Intervencións?. Señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todos e a todas. Nós queríamos saber se sería posible contratalos antes do verán.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos niso, queremos contratalos antes do verán, perdón vostede intervén e logo respondo

O sr. Padrón toma a palabra: Non se lle vai a esixir un curso da Axencia galega de seguridade, para que poidan traballar como auxiliares de policía

O sr. Alcalde toma a palabra: Máis intervencións.

A sra. Varelas toma a palabra: Boas tardes a todos. A min esta moción vosa é outra das que non entendo porque aquí dende que entrastes vos ao goberno non parastes de contratar persoas e o que eu estou vendo máis traballadores, peor traballo, ou sexa realmente se vamos a contratar a dúas persoas e vai pasar como os seis operarios que os que temos que non se ven por ningún lado, pois non me parece lóxico, estou a favor da contratación sempre cando se vexa en beneficio dos cidadáns, e se vexa o traballo que van a facer, non contratar por contratar, porque me parece que este Concello é o que ultimamente soamente sabe facer. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas e moi especialmente ao público que hoxe nos acompaña, benvidos. Vamos a ver, en primeiro lugar queremos deixar claro que dende do Partido Popular de Barbadás, estamos de acordo en que é necesario o incremento dos servizos na Policía Local, e coincidimos co informe do oficial xefe en que na tempada de verán cómpre aumentar os efectivos policiais a lo menos con auxiliares nestes meses e que non é nada novo con respecto a outros anos. O que si eu nos chama un pouco a atención o Alcalde acaba de facer unha breve exposición sobre as necesidades, o que se que debemos remarcar na parte no informe, é dicir coincidimos co informe do oficial xefe, no informe que fai a Secretaría sobre a legalidade da situación e o informe de intervención pero no apartado sexto no informe de Alcaldía, ponse algo que isto non nos parece axeitado á normativa, estase dicindo que se aplicará os procesos de selección e as bases xerais para a contratación persoal laboral que constan no Concello, non se pode facer, hai unha normativa específica para poder contratar a estas persoas, pero ó final vou a pedir unha aclaración



técnica por parte dos servizos de Secretaría, tamén se di nesa apartado sexto, que se valorarán en todos os casos a experiencia, formación, e coñecemento relacionados co posto de traballo a desempeñar, isto penso que tampouco se pode facer porque xa non nolo aclararán tecnicamente vai ter que ser un proceso de oposición, é un proceso de oposición son uns exames, non se poden valorar como ben pon aquí, aspectos en canto a experiencia, formación relacionados co posto de traballo. Pois ben insisto dende o Grupo do PP de Barbadás entendemos necesaria esta contratación pero unha vez máis penso que o grupo de goberno chega tarde porque ó noso xuízo non van a poder facer estas contratacións. Vamos a ver, o máis importante disto é que os candidatos seleccionados e sempre unha vez seleccionados, deberán con carácter obrigatorio superar un curso de formación na escola da academia galega de seguridade pública de Galicia na AGAS, segundo esta establece deberá facerse na segunda quincena do mes de maio, e o prazo de presentación de inscrición na academia rematou hoxe, día 18, é coincidente, non sei como van a axilizar o proceso selectivo para mandar hoxe os candidatos a facer o curso de formación. Vamos a ver, por iso dicía que coma sempre este goberno chega tarde a todos os lados, este curso non o pode solicitar calquera cidadán senón que ten que ser a propia administración local quen unha vez seleccionados os candidatos, entre convocatoria presentación e demais, non se como van a facer posible estas contratacións, e agora para que as cousas todos nos queden claras e teñamos que pronunciar un voto e se saiba o sentido do voto, vou a pedir un pouco aclaración dos técnicos de Secretaría. Primeiro gustaríanos saber de que data é o informe do xefe da Policía Local, é actual, si o informe do xefe da Policía Local,

O sr. Alcalde toma a palabra: Do 5 de maio.

O sr. Fernández toma a palabra: Vale, perfecto. Segunda aclaración, o proceso que se establecerá para estas contratacións terá que ser outro distinto e xa está establecido por unha norma específica, iso tamén é así, verdade?, e vai ser o proceso de oposición, non de concurso, certo?

O sr. Alcalde toma a palabra: É así.

O sr. Fernández toma a palabra: En principio si, vale, se vai ser un proceso de oposición, vanse cobrar taxas por dereitos de exame?

O sr. Alcalde toma a palabra: Cobrar non se van a cobrar.

O sr. Fernández toma a palabra: Despois outras aclaracións, vanse ter que aprobar e, perdón, nas bases non se poderá pór como requisito o que teñan o curso, é certo, non se pode esixir a ninguén que se presente que teñan ese curso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa temos o informe da Xunta de Galicia, nese sentido.



O sr. Fernández toma a palabra: Vale, perfecto. No caso de que se empecen a realizar os procesos selectivos e as probas se algún candidato dos que quede de primeiro e pase todas estas probas non teña ese curso, porque non o vai poder facer porque o prazo xa está pechado que é o que vai pasar, e outra cousa nese caso poderíase estar a vulnerar os principios de igualdade, mérito e capacidade, iso tamén queremos que quede claro, e por último que nos expliquen a repercusión do noso voto hoxe no tocante a votar a favor, en contra, ou absterse e a esta proposición. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Empezando polo tema da axencia galega de seguridade que preguntaba o señor Ramón Padrón, os efectivos que se incorporen a efectuar as funcións de axente auxiliares da policía local, si que teñen que ter o curso realizado, tamén é certo que isto é en reposta ao señor Manuel que quen teña o curso realizado tenlle validez durante catro anos segundo a lexislación vixente, é certo que hai que analizar cales son as consecuencias do feito de que ó mellor aprobe unha persoa que non teña o curso realizado, hoxe non está a Secretaria presente por problemas de saúde e por problemas de saúde todo isto analizarase unha vez que se decida aquí o que considere o Pleno. Algunha intervención máis?. Non. Votos a favor, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG as abstencións do Grupo Mixto e Democracia Ourensana e os votos en contra do PP o seguinte acordo:
“Declaración de servizos prioritarios e urxencia e necesidade de contratación de de dous auxiliares de Policía Local”

3- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL DE TERRAZAS E VELADORES.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto é a resolución de alegación da ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todos e a todas. Moitas grazas. Vou tratar de facer un breve resumo do que é a resolución de alegacións dende o punto de vista técnico, e dende o punto de vista político tendo en conta que este informe de resolución de alegacións foi feita conxuntamente

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdón un inciso soamente, considero que hai bastantes alegacións, que as explicacións técnicas que hai que facer sobre as mesmas deben ir razoadas e documentadas que o tempo se permita un pouco máis do que está estipulado no regulamento que son cinco minutos, si aí



hai 13 que son xuntas pero que son idénticas practicamente pero son varias alegacións en cada unha delas, entón creo que o asunto merece a pena de que se explique concienzudamente. Grazas.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Vou tratar de ser breve de todas formas e o que non me de tempo de facer na primeira intervención tratarei de explicalo na segunda, porque non sei se será suficiente, vou ser moi rápida. A instalación de carpas, empezamos coas alegacións presentadas por trece dos hostaleiros e hostaleiras de A Valenzá entón informámolas e as outras dúas alegacións individuais falarei delas ó final, pois ben a instalación de carpas xa non está permitida na actual ordenanza, só se autoriza en prazas ou espazos libres. Na proposta de ordenanza aprobada inicialmente prohibese explicitamente para mellorar a accesibilidade, e a estética e porque, entre outros motivos este tipo de estrutura podería incumprir, dependendo dos casos, a Lei Antitabaco. Esta alegación foi informada desfavorablemente porque o termo carpa queda excluído da ordenanza e só aparecería para prohibilas expresamente no artigo 7.8. En relación co termo carpa dicir que se informa favorablemente unha alegación presentada por unha cidadá que propoñía excluír carpa dos artigos 7.5 e 21 b) para evitar confusións. Aclarar que a definición dunha estética similar, xa pasamos á segunda alegación presentada polos hostaleiros, unha estética similar e acorde coa contorna, sen cores estridentes nos elementos xa queda suficientemente especificada ó longo do articulado, e respecto á distancia mínima de 1,5 m entre a instalación de terrazas e veladores dos pasos de peóns, paradas de buses, taxis e colectores de 3 metros no caso de aparcamento de minusválidos, hai que sinalar que estas distancias establécense porque o interese xeral prevalece sobre o uso privativo do solo público. Nesta alegación indícase que estas distancias deberían facerse extensivas a tódolos establecementos do municipio, froiterías, tendas que ocupan a vía pública ou os bancos, carteis ou buzóns de correos, por exemplo. Hai que precisar que se está traballando en varias aspectos para mellorar a habitabilidade: movemento de xardineiras, de mobiliario urbano, incluso de buzóns de correos. Estase así mesmo procedendo ó deseño de eliminación de barreiras arquitectónicas en lugares polos que na actualidade resulta case imposible transitar ou circular con carriños ou cadeiras de rodas. Outras das alegacións que fala da distancia a pasos peonís, paradas de buses, de taxis e de colectores de 1,50 metros está marcada en base a un informe técnico emitido pola Confederación Galega de Persoas con discapacidade (Cogami) que agrupa a todas as asociacións galegas de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade, tamén pola lexislación vixente como pode ser a Orde 561/2010 e no Decreto 35/2000 do Código de Accesibilidade, é dicir feita estritamente en base a criterios técnicos. O mesmo acontece coa distancia de 3 metros no que se refire ás prazas reservadas para persoas con



movilidade reducida. Este é o diámetro necesario para que unha persoa usuaria de cadeira de rodas poida xirar sobre si mesma, no criterio técnico. Acéptase a alegación que alude á prohibición de instalación de terrazas por razóns de seguridade co engadido proposto de “mentres duren as obras ou persistan tales razón de interese público”. Na alegación sobre o outorgamento de autorización administrativa dicir que se informa desfavorablemente á alegación que fala de que queda ó arbitrio ou capricho da Administración a concesión ou non da autorización. Queda evidenciado que nos 7 apartados do artigo 4.1 están especificados os valores e criterios que definen a compatibilidade entre a ocupación de terreos de uso público e os intereses xerais. Aclarar tamén que na Lei de Procedemento Administrativo indícase que os actos teñen que ser motivados case sempre. Respecto ó apartado no que se esixe autorización por escritos ós propietarios dos locais colindantes cando se quere exceder a fachada, é dicir, que do que se trata é de definir formalmente a conformidade tendo en conta que se trata dun uso privativo de solo público e tamén porque hai que ter o compromiso formal dos e das colindantes para que non exista un conflito posterior e para definir o espazo que efectivamente vai utilizar o hostaleiro ou hostaleira, evitándose a ocupación ilícita de solo público e favorecendo o cumprimento da autorización administrativa que se conceda no seu momento. Aclarar que se crea precisamente este requisito na nova ordenanza para que non se produzan extralimitacións no uso de solo público. Na nova ordenanza fíxase un espazo peonil permanente libre de 1,60 metros en aplicación da Lei 10/2014 de Accesibilidade. Esta lei prescribe que “a disposición de quioscos, terrazas de bares e outras instalacións similares que ocupen parcialmente as beirarrúas ou os espazos públicos deberán permitir en todos os casos, o tránsito peonil e axustaranse ás normas establecidas para os itinerarios peonís. Estes elementos deberán ser accesibles ás persoas”. Definiuse a medida de 1,60 metros porque é a suma de 2 pasos de 80 centímetros que é o ancho mínimo para a mobilidade horizontal no sentido da marcha. Resulta menos restritivo que 1,80 m, a dimensión indicada en concellos con maior índice de urbanización ca Barbadás. No caso de variación cumpriría aumentar o ancho alegado a 1,80 metros para adecuarse á orde que é á Orde 561/2010, que prescribe sobre o itinerario peonil que “en todo o seu desenrolo posuirá unha anchura libre de paso non inferior a 1,80 metros, que garanta o xiro, cruce e cambio de dirección das persoas independentemente das súas características ou modo de desprazamento”. Outra das alegacións presentadas polos 13 hostaleiros é informada desfavorablemente porque de aceptarse a proposta de 1,50 metros non quedaría asegurada a accesibilidade. Acerca da alegación que alude á situación dos veladores e que propón refundir os apartados 3 e 4, é dicir, o que fala de instalar “só e exclusivamente por circunstancias excepcionais



sería conveniente instalar a terraza xunto á fachada e o que fala de autorizala noutra localización distinta, aclarar que segundo o informe técnico: “este apartado define a situación de excepcionalidade que carrega a situación da terraza noutro lugar diferente ó da fachada, tendo que conta que este artigo está vinculado ó apartado anterior, é dicir, alude ós casos super-excepcionais nos que non se pode nin sequera situala xunto á fachada. Hai que ter en conta que a norma que pretende introducir esta ordenanza é que a norma xeral sexa separar as terrazas da fachada, o seguinte caso sería en casos excepcionais só exclusivamente en casos extraordinarios que se mantivera pegada á fachada e despois existen os casos super-excepcionais os de situala en outro lugar diferente. Só cando se dean estas dúas circunstancias excepcionais de non poder situar a terraza separada da fachada nin xunto á mesma, poderase autorizar unha localización distinta. Por este motivo non se poden engadir máis excepcionalidades que as dúas que se recollen no articulado da ordenanza aprobada inicialmente e que está sendo obxecto de análise hoxe. Infórmanse favorablemente as alegacións que se refiren a incrementar de 2 a 3 o número de protección laterais e o de intervencións na vía pública para instalar elementos de climatización, sempre supeditada a licenza a criterios técnicos en aplicación da normativa aplicable. Hai que ter en conta que a nova ordenanza establece que as proteccións laterais ou biombos teñen que ser móbiles non poden ser fixas coma a anterior ordenanza, todo para mellorar a accesibilidade. Infórmanse desfavorablemente as propostas de que as biombos vaian complementadas con carpas e a de non pechar totalmente a posibilidade de ancoraxe toda vez que toda vez que a instalación de toldos móbiles é unha das posibilidades que se recollen na ordenanza para previr precisamente a ancoraxe de elementos ó chan. Tamén se informa favorablemente a alegación que suxire non prohibir que as mesas e cadeiras leven publicidade. Isto significa que tendo en conta a situación socioeconómica permítese a publicidade no mobiliario, variándose así o criterio anterior que aprobamos no borrador do mes de marzo. A propia alegación recolle que “é posible unificar criterios estéticos e consensuar fórmulas que permitan manter algo de publicidade en proporción ó elemento no que se insire”. Queremos incidir en que as proteccións laterais deben ser transparentes, aínda que se permitirá publicidade de pequenas dimensións en nun lugar colocado estratéxica e discretamente. Tamén se acepta a proposta de elaborar un modelo de solicitude de renovación sinxelo e de fácil comprensión que foi elaborado ó efecto trala alegación presentada polos 13 hostaleiros e hostaleiras. Mantense, sen embargo, a esixencia da documentación complementaria e do especificado no apartado c) do artigo 11, é dicir, número de veladores que se pretende instalar en cada tempada verán ou de inverno, posto que pode variar de un ano para outro. Tamén se informa favorablemente a proposta de



incrementar o horario en 1 hora en lugar de en ½ hora dende o 1 de xuño ó 30 de setembro, é dicir, ata a 1,30 da madrugada de luns a xoves e ata as 2,30 horas de venres a domingo. Infórmase sen embargo, desfavorablemente o cambio horario durante as festas de San Bernabé para que quede, os hostaleiros propoñían que quedara ás 3,30 e 4,30 e fíxose unha pequena modificación e quedaría ás 3,30 e 4:00 en función de se teñen ou non concedida autorización da Xunta para esta ampliación horaria durante as festas patronais. Respecto da alegación que implica facer extensiva o pago de diferentes tarifas en función da tempada a tribunas e tarimas e a toldos móbiles, infórmase favorablemente a modificación das mesmas. Tendo en conta que hai unha alegación específica sobre as contías a fixar no que a tarifas se refire e á vista de que esta alegación non fai unha proposta concreta, remitímonos á correspondente alegación para establecer a táboa de tarifas. Na segunda quenda explica as outras dúas alegacións moi brevemente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moita grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, nós queríamos darlle oportunidade a alguén dos hostaleiros se queren falar na segunda quenda, pero antes queríamos explicar un pouco o que pasou aquí co tema da ordenanza dos veladores e terrazas. Isto veu a aprobación inicial hai dous ou tres meses, e daquelas antes de que cando nos informaran de que se ía facer unha nova ordenanza, porque ao parecer a ordenanza que había anteriormente non se cumpría nos termos en que estaba fixada, e estaba un pouco ó arbítreo do que facía cada un o que quería. Entón informáronos que se ía facer unha nova ordenanza, nós pedímoslle ó goberno que este tipo de ordenanza se consensúen coa veciñanza, e sobre todo con aquelas persoas ás que lle afecta directamente, neste caso estamos falando dunha ordenanza que incide no solo público, ou sexa non incide na propiedade privada das persoas senón no na propiedade pública e aí moitos intereses que a ordenanza ten que tratar de conxugar e facer o máis consensuado posible para que, está claro que ó 100% ninguén se vai sentir favorecido pero intentar no máximo posible, que todos as persoas que neste caso é toda a veciñanza de Barbadás, porque son os hostaleiros, son os comerciantes, son os veciños, son as persoas con discapacidade, e un montón de xente que se nos paramos a pensar, todos teñen razón e non a teñen, ou sexa, que e moi complicado facer unha ordenanza deste tipo. Nós foi o que lle pedimos ó goberno, o goberno tivemos noticia unha vez que veu aquí a aprobación inicial non houbo ningún tipo de información en contra, aquí saíu aprobada e cos votos do goberno, e coa abstención dos demais grupos, e pedíuselle ó goberno, nós pedímoslle ó goberno que se traballara e que se consensuara antes de traer a aprobación definitiva. Ata hai 3 semanas creo recordar nós non tiñamos noticias ninguén había chamada nin de por parte dos



hostaleiros, nin dos comerciantes, nin por parte dos colectivos de discapacitados, entón a verdade pensabamos que isto ía todo ben, incluso falamos con algún hostaleiro que nos fixo chegar que había reunión polo medio e que a cousa pois ía en camiño. Está claro que logo despois chamáronos a unha reunión e as cousas non eran así e hoxe temos aquí enriba da mesa pois unha cantidade e grande de alegacións a esa ordenanza, non sabemos exactamente o que pasou se houbo se non houbo capacidade de chegar a un consenso, se as posturas se extremaron nunha punta e na outra e logo despois claro están as peculiaridades de cada un agora temos o que temos aquí enriba da mesa. Nós pola nosa parte estamos sempre e queremos que se consensúen as cousas o máximo posible. Nas alegacións hai moitas das alegacións que presentaron os hostaleiros estamos de acordo e así llo fixemos chegar, e hoxe pois farémolo así. Hai algunha que vimos que moitas das que nos presentaron aquel día que eles presentaban vimos que o goberno que cambio a postura e aceptounas, hai outras que nós si que cremos que se deben aceptar, hai algunha que non, que pensamos que non ten cabida porque tamén xa digo hai que tamén pensar no resto das persoas que utilizan a vía pública porque volvo repetir dende un principio temos que pensar que é a vía pública, non é algo privado ou a propiedade privada, entón, temos que un pouco intentar xa digo é case imposible que isto contente a todo o mundo e á vista está, pero nós co sentido común por diante intentaremos que acomode e a maior número de xente posible. E nada máis, logo nós xa digo o máis importante das ordenanzas, no que non estamos de acordo coa ordenanza, estamos de acordo coas alegacións e no tema de ancoraxe, cremos que os toldos que se queren permitir deben ir ancorados pois por unha razón de seguridade, e ademais que ocupa menos que ocuparía un testo cun porrón de formigón que faría falta, porque estamos pensando que queremos permitir unha estruturas de unha cantidade de metros cadrados importante, non estamos permitindo establecer unha sombrilla, senón unha estrutura grande isto fai como unha vela iso necesita unha ancoraxe, unha ancoraxe son uns parafusos que tamén non necesitan moito tempo para sacalos en caso de urxencia, hai falamos pola experiencia propia e que pola propia seguridade, e tamén o outro tema no que así, o máis importante das alegacións é o tema do das fachadas que cremos que se debe seguir permitindo colocar as terrazas que non vexa oportuno pegadas ás fachadas. E nada máis, de momento nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Vamos a ver, aquí é un, isto é algo complexo porque como dicía Ramón é certo contentar a todas as partes é algo difícil, pero Democracia Ourensana sempre nos vamos a situar ó lado dos hostaleiros por unha cousa moi sinxela, porque son o motor de A Valenzá e



de Barbadás, porque sen eles, sen os negocios deles A Valenzá morre, morre porque moita xente hai unha ruta de bares que veñen ós venres, sábados, domingos, xoves, e esa xente pois ven, vai a un bar, vai a outro, hai comercios ó lado, ás veces están pechados, pero ven cousas que lle gustan, e seguramente ó día seguinte van a comprar nos locais, entón non podemos permitirmos facerlle dano, ó revés eu penso que temos que mimalos, coidalos, porque sen eles nós somos nada tedes, que desculpar que me abafo moito, estou embarazada e a miña forma de falar non é así, pero é algo que é do estado. Entón quero dicir que tedes o meu apoio completamente dende o primeiro día que falei convosco, porque penso que sodes algo moi importante para o Concello, eu así o vexo, porque eu coma vós son empresaria, non é aquí, en Ourense, teño negocio, e sei o difícil que é saír adiante, sei o que costa o esforzo, é certo que hai medidas que se poden tomar pero sempre penso que as cousas hai que tomalas nos momentos xustos e oportunos, non meter ós veciños en gastos agora que a economía está tan mal, porque de mellor non melloramos nada, penso que vamos para atrás, os invernos aquí en Galicia son moi largos, as terrazas sen cubrir non valen para nada, porque como moito traballan un mes dous meses e o resto do ano están a mirar, entón penso que temos ser máis flexibles que eu síntoo moito pero vounos apoiar a eles en todo momento, penso que as terrazas estorban menos pegadas ás fachadas que a 1,50 por unha cousa moi sinxela, se pegamos as terrazas ás fachadas queda un espazo libre, pero se as poñemos para adiante vai haber un túnel entre o bar e as terrazas vai andar o camareiro dun lado para outro, ó final vai ser un caos, para min estorba máis unha cousa na metade da beirarrúa que pegada a un lado, sempre. Outro tema o dos toldos ou sexa, e o dos toldos as ancoraxes ó chan non estorban nada a quen lle fai dano ó Concello facer un burato con parafuso, por favor, iso é unha ridiculez, vamos a ver temos que axudar á xente e non ser máis papistas que o papa, porque mira vós tedes unha política que eu non entendo que é o seguinte, queredes un Concello bonito, un Concello limpo, un Concello ordenado e que temos, un Concello de merda, así volo digo, temos porcallada en todos os lados, xardíns non son xardíns, son lameiros, porque os xardíns córtanse con cortacésped e aquí vamos con desbrozadoras, iso vouno tocar máis adiante, entón estádelles esixindo a esta pobre xente, pobre no sentido porque os tedes angustiados, terrazas bonitas, todo da mesma cor, ó final rectificástedes e vós que exemplo estades dando, eu sempre falo por exemplo e un concello que me encanta e é Allaríz, é un Concello limpo, é un Concello con xardíns exemplares, porque non podemos ser un Allaríz digo eu, non, aquí e veña esixir, esixir, empezade a dar vós, empezade a dar exemplo, empezade a demostrar que vos importan os veciños que vos importa a estética e seguramente eles pouco a pouco irán adaptándose pero non esixindo e como, ía dicir unha cousa pero



coma eu non a oín, non podo dicila, pero con chulería este Concello non se goberno, nin ás bravas, señor Alcalde connosco non conte. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Eu creo que a mellor explicación pódena dar eles, están hoxe aquí creo que o grupo de goberno vendo que están case todos os hostaleiros, e vamos a ver, señor Alcalde non diga que non coma na reunións que vostede tivo cos hostaleiros, se todos os grupos dos grupos de goberno e da oposición que estamos aquí decidimos entre todos porque creo que Victoria xa preguntou á Secretaria, se estamos de acordo vostedes saben que a anteriores lexislaturas vostedes que estaban na oposición si o pediron e si se lle deixou.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vou informar despois.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, xa sei o regulamento, se vostede me vai a informar do regulamento, o regulamento seino de memoria e é que ata ó final do Pleno non poden falar, neste momento se todos decidimos é que eles, vamos a ver, o grupo de goberno está aí, nós estamos na oposición, eles son os que nos votaron a uns e a outros, son os que teñen o problema será mellor que nós os escoitemos a viva voz a eles que teñen un representante, non van a falar todos, senón que un deles son os que van falar por boca dos demais, se estamos de acordo tivemos unha reunión que mellor que escoitalos, eu non teño ningún problema os meus compañeiros da oposición explicaron perfectamente porque estamos apoiando á oposición a esta xente son o pilar de Barbadás, e vostede pola chulería, pola chulería e vouno dicir así de claro nunha reunión díxolles “son o Alcalde e isto vaise a aprobar”, están moitos aquí e eles trasladáronmo, entón vamos a ver, se a democracia funciona neste Concello e vostede teno que demostrar é que deixaría falar, deixaríalos falar, se a democracia non funciona, e o consenso cero, democracia cero, non teño máis nada que dicir, porque despois traemos unha moción onde si lles vou por palabra deles, vou a traer o que eles nos dixeron, non vou a explicar o mesmo que explicou o señor Padrón, se estamos a oposición aquí vamos a deixalos falar si ou non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si

A sra. Vispo toma a palabra: Agora cédolles a palabra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero, previamente voules explicar evidentemente como se pode ceder a palabra, a señora Secretaria consultas feitas por este grupo de goberno, indicounos primeiro que o debate lévase a cabo entre os membros da corporación iso é o que indica a lei, é dicir, entre concelleiros e concelleiras, segundo, hai tres razóns para intervir, a primeira no caso de que se trate dunha asociación, non é o caso porque as alegacións son a título individual, segunda, cando se trate



dun expediente no que teñan dereitos que se poidan ver afectados, non hai interese afectado, xa que debatemos do uso dun espazo público, outra cousa sería que faláramos do seu local, do recinto do seu local, non é o caso, en terceiro lugar pódese intervir no caso de que haxa un interese lexítimo no que se houberan personado, hai personamento dende o momento en que hai alegacións, pero non hai un interese lexítimo, porque o que se entende por interese lexítimo cando hai un interese superior ó do resto da cidadanía, polo tanto, que sería un interese lexítimo que estivera un cidadán que quixera falar da súa minusvalía e dos impedimentos que ten para deambular libremente ou acaecidamente por A Valenzá ou polo resto do Concello ese é o interese superior, cando se ve involucrado un interese básico, dito iso, hai que dicir que a idea é que poidan expresarse, pero que non pode constar en acta, non pode constar en acta, polo tanto dado que todos nos explaiamos máis de cinco minutos poden ter ó redor de 6, 7 minutos que é o tempo establecido para cada un dos grupos políticos, pero antes diso quero facer un comentario ás alusións que fixeron vostedes dúas sobre a miña chulería. En primeiro lugar dicirlles é unha alusión e polo tanto teño dereito conforme ó regulamento a falar diso, primeiro a obriga dun alcalde e a de defender os dereitos de toda a veciñanza de toda, de toda, é dicir, os intereses xerais sobre os intereses particulares, neste caso tratábase de debater e de consensuar unha ordenanza que permite desenvolver e realizar dereitos de toda a cidadanía cohabitando e apoiando ademais unha actividade mercantil que en definitiva non é outra cousa que unha actividade empresarial, nunca houbo tantas xuntanzas con este gremio, coma as que houbo ata as de agora, houbo tres, algunha delas durou máis de catro horas, e aquí están ademais para corroboralo, polo tanto suman en xuntanzas como doce horas. Nunca foron tan escoitados, nunca foron tan escoitados outra cousa é que as súas demandas e peticións foran atendidas, non foron atendidas todas esas peticións e demandas, é certo, xa que o que ten prevalecer é o interese do conxunto da comunidade, como dicía antes houbo tres xuntanzas de máis de 4 horas, e no que se fixeron propostas e algunhas aceptadas e outras non foron aceptadas é certo, pero tamén é certo que o debate é a base do entendemento e que ese foi en todo momento o obxectivo deste goberno pero ó mellor cando nun momento determinado se fan peticións que conculcan a legalidade o goberno tamén ten que dicir cal é a realidade, que hai unha conculcación que polo tanto non se poden levar a cabo, eu o que si son é claro con relación ós dereitos dos veciños e das veciñas aquí trátase de de axudar dereitos e obrigas. Repito ese debate tiña como finalidade a consenso un único fin, o interese do ben común dos veciños e das veciñas houbo xuntanzas tamén con outros colectivos como xa comentou a Concelleira Victoria que aportaron as súas ideas e que tamén reclaman os seus dereitos fíxose mención de Cogami, que son un colectivo



que defende intereses de persoas afectadas e que residen no noso Concello, e polo tanto o que si é que son claro cando teño que debater, e poño os límites ata onde se pode chegar, pero dende logo que nunca se di nin se dirá que se aproba porque si, iso é mentira que estarán eles porque o poden dicir. Teñen 7 minutos o seu voceiro ou voceira para expresarse.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Concelleira.

A sra. Morenza toma a palabra: Para explicar un pouco ante toda esta serie de críticas porque todo parece que todo son críticas, nós en ningún momento pensamos en atacar ós hostaleiros, nada máis lonxe do noso obxectivo, evidentemente nós tamén coincidimos en que os hostaleiros son o motor en que as terrazas son o motor de A Valenzá que son o espello no que, ou sexa o lugar o que veñen dende Ourense, dende moitos lugares da provincia incluso, nós cremos nas terrazas e queríamos mellorar, e queremos mellorar a habitabilidade da cidade e por iso fixemos unha ordenanza e por iso nos reunimos cos hostaleiros en varias ocasión, e por iso intentamos chegar a puntos de consenso. Evidentemente non se puido chegar en moitos casos por motivacións legais xa lle expliquei que existe unhas lexislacións do ano 2014, mesmamente que impiden que se diminúan as distancias como poden ser a dun 60 non pode ser inferior porque o di a Lei. Evidentemente a anterior ordenanza non se estaba cumprindo, nós aí non podemos dicir nada nós entramos a gobernar en xuño do ano pasado e non sabemos por que se incumpria a ordenanza, por que non cobraban as, porque non se cobraban as tarifas e por que non estaban actualizadas, ó día pois os hostaleiros, iso nós descoñecemos, nós chegamos a un goberno e atopámonos unha serie de irregularidades e encontrámonos tamén con que se estaba incumprindo a ordenanza iso está claro as persoas que coñecedes a ordenanza que presentastes alegacións sabedes que se estaba incumprindo, por exemplo no tema da instalación de carpas en beirarrúas sabedes a actual ordenanza prohíbe a instalación de carpas en beirarrúas que foi ese o argumento que utilicei cando iniciei a miña intervención. Vostede o señor Gonzalo fala de visitados, evidentemente nós non, simplemente nós remitimos o escrupuloso cumprimento da lei, nós non visitamos a ninguén, está claro que se unha ordenanza prohíbe instalar carpas na beirarrúa a nosa obriga é facer que se cumpra a ordenanza, senón que sentido tería que estivera aquí, para que está un grupo de goberno, pois para facer cumprir as normas, gústenos ou non nos guste, máis ou menos. Evidentemente vostedes manteñen a unha poboación a un grupo de traballadores de 100 persoas, e empregos directos, empregos indirectos. Nós estamos totalmente de acordo en que as terrazas son unha parte fundamental da economía de A Valenzá, vostedes falaban de prezos e recoñecían o tema de, que o tema de tarifas era un punto de encontro en todo momento, foi un punto de encontro,



vostedes falan da situación socioeconómica, se evidentemente nós introducimos baixas continuas e permanentes despois de cada reunión que tivemos con vostedes está claro que nos preocupa a situación socioeconómica de vostedes, e que queremos adaptarnos a situación real, e non queremos prexudicar a ninguén por iso as tarifas que propomos que era a alegación que ía a falar agora a tarifa unha proposta feita por unha veciña, Marta Viso, que di que propón unha redución aínda máis da que nós propoñíamos e que nós aceptamos, e que coincide tamén con unha proposta que fixeron vostedes, aínda que vostedes non o cuantificaron, a última proposta ca que nós traballamos eran 8 €/mes na tempada de verán, e 6€/mes na tempada de inverno por cada mesa con 4 cadeiras, para igualar a situación entre todas as terrazas, para igualar cos toldos móbiles, para igualar coas tarimas, para igualar a tarima, ou sexa para que non foran acumulativas como é na ordenanza actual a aplicación de tarifas, unificamos practicamente as tarifas e agora hai que pagar por mesa e 4 cadeiras, entón as tarifas redúcense aínda máis, ás veces ata un 90%. Para pór mesas e cadeiras baixo toldo móbil por cada mesa e catro cadeiras 10€/mes na tempada de verán e 8€/mes na tempada de inverno, por mesa e cadeiras sobre tarima 10€/mes na tempada de verán e 8€/mes na tempada de inverno, por mesas e 4 cadeiras baixo toldo móbil e sobre tarima 12€ na tempada de verán e 10€/mes na tempada de inverno, pasamos do metro cadrado que era abusivo recoñecémolo e por iso cambiamos e por iso aceptamos esta alegación, a unhas tarifas que supoñen un aforro no caso dunha mesa e 4 cadeira ó ano de 180 €, iso se falamos de mesa e 4 cadeiras, pero se falamos de mesa e toldo móbil supón un aforro de 2.460€ ó ano, e se falamos de tarima supón un aforro de 3.660 verdadeiras barbaridades, mesa, tarima e toldo móbil un aforro anual de 6.000 € respecto ós prezos que están en vigor, que son os que en moitos casos non se estaban aplicando, xa lle digo que non descoñecemos por que non se estaban aplicando, ó mellor os compañeiros do Partido Popular pódeno explicar. Evidentemente falábase de que só tiveramos 2 reunións, tivemos 3, 28 de xullo de 2015, 29 de xaneiro de 2016 e en abril de 2016. evidentemente nós estamos abertos a todo tipo de colaboración cos hostaleiros demostrámolo temos falado individual e conxuntamente con todos vós e penso que as alegacións que hoxe se debaten aquí demostran que nós aceptamos o aceptable. Ós compañeiros do grupo do Partido Popular decírlles que eles tiveron oportunidade de presentar alegacións e non o fixeron, nós cando estábamos na oposición a case todas as ordenanzas presentabamos alegacións facíamos o noso traballo dende a oposición e facíámonos eco evidentemente das cuestións que nos plantexaban tanto das asociacións, dende os colectivos ós que afectaba como dende a propia cidadanía, sempre presentamos alegacións vostedes non as presentaron hoxe traen unha moción sabendo perfectamente que este debate xa está dado cando



nós debatamos a súa moción sobre as terrazas e veladores xa aprobamos ás alegacións ou as desaprobamos e lles aprobamos a ordenanza final. Entón non ten moito sentido vostedes neste caso como din que sempre que fan os deberes neste caso non fixeron os deberes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou vostede, si. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente quería dicir que se nós fôsemos o último reduto, segundo como se falou tamén aquí algunha intervención, se nós fôsemos o último reduto onde quedara por cambiar as cousas pois mire nós entenderíamos que houbera que facer uns cambios porque non iamos quedar a nós aquí de últimos pero deixaron tamén por aquí pero como dixeron tamén por aí hai cousas que queremos facer aquí que non que aínda non están en ningún sitio ou moi poucos sitios da xeografía en España, entón consideramos que aparte A Valenzá tampouco é un casco histórico, especial que haxa que protexer, que se apliquen unhas certas normas de patrimonio de esas cousas entón, nós é unha pena que se chegara a este punto que non se chegara a un consenso, o que si hai unha ordenanza enriba da mesa e dun principio das alegacións que había presentadas algunhas o goberno parece que as vai a apoiar e os hostaleiros que están conformes como o tema como dixeron aquí agora o tema dos prezos, das licenzas, e algunha cantas cousas, do tema da publicidade parece que se aceptaron, nós a maiores vamos a apoiar outras das alegacións como xa dixemos antes o tema da separación, ou sexa, da non separación das fachadas e tamén das ancoraxes, pero argumentadas como fixemos antes e senón para nós, se permitir uns toldos, vámoslle chamar toldos móbiles ancorados, vamos a quitar xa o término de carpa tal como se recoñece na ordenanza, nuns toldos móbiles pechados por dúas caras e por outras 1,50 sen ancorar, a nós parécenos que teñen que ir ancorados, e senón non os permitamos, ou sexa así de claro aquí hai que actuar con sentido común se permitimos unhas estruturas de toldo fóra, no medio das beirarrúas sen ancorar, ou sexa, non pode ser, e por propia experiencia profesional, e senón pois non as permitamos e punto, pero permítense unha vez que se permiten, teñen que ir coas máxima seguridade posible, e logo despois no que nós si que non estamos de acordo con algunha das alegacións é no tema das distancias polo tema máis que nada das persoas discapacitadas que iso si que a cifra que se pon de 1,60 vámolos manter, no tema ese das medidas si porque tamén hai un colectivo que necesita tamén o seu espacio e o que dicíamos antes que hai que un pouco conxugar e todas as sensibilidades e nada máis. Non teño máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.



A sra. Varelas toma a palabra: É unha pena o que escoitei antes de que vostede señor Alcalde diante de persoas di a un veciño que debe ou non debe diñeiro, mire vostede ten que ser discreto, porque se debe pode coller á persoa e dicírllo particularmente, pero non deixar a unha persoa en público en ridículo porque vostede moitas veces non sabe porque a persoa debe ó mellor é porque non ten o diñeiro para pagalo vaia collendo costumes bos e sans. Eu non teño moito máis que dicirvos que o que vos dixen, que o meu apoio total porque non vou a repetirme, sodes o motor, sodes a quen hai que coidar, a quen hai que mimar, e pouco máis ou sexa que vos vou apoiar, non sei que máis dicirvos. Penso que xa falamos todo, xa vós expuxestes eu xa vos escoitei hai unha semana ou dúas xa non recordo ben se dúas semanas, quedou moi claro, quedoume claro, porque claro o que dixó Padrón é certo nós fai un mes ou dous meses non tiñamos coñecemento das nosas queixas, nós enterámonos fai pouco, parécenme unhas queixas razoables e sei que máis dun algunha noite non durmistes porque claro tocando o tema do diñeiro é moi preocupante, entón nada que saibades que Democracia Ourensana vaivos apoiar e volvo repetir señor Alcalde, teña modais máis correctos cos veciños por favor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moita grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Leccións señora Victoria as xustas, non fixemos alegacións porque no anterior Pleno ben dito polo señor Padrón, o noso compañeiro na oposición do Grupo Mixto, vostedes dixeran cando se aprobou inicialmente que todo estaba en calma que non había ningún problema ata que os hostaleiros se puxeron en contacto con nós para explicarnos o problema que había, e o grupo Popular avisou ós outros dous grupos para ter unha reunión en conxunto e que todos escoitáramos a problemática que había, as leccións as xustas, vostedes estanme dicindo que non presentamos alegacións pero o que é moi forte é que se presenten alegacións a través doutras persoas, porque non me vaian a dicir vostedes que unha persoa da rúa non vamos a poñer nomes porque teño todo o meu respecto a esa persoa, poña os prezos dunhas taxas, esa persoa ou eu mesma vamos a ver, eu mesma senón estou aquí non sei os prezos que pode haber anteriormente pois teño que falar con alguén ou preguntarlle a alguén dos prezos. Vostedes estanme dicindo que hai, que estamos de acordo que as taxas e esa alegación vaise a aprobar, e somos os primeiros porque entendemos que o motor de A Valenzá son as terrazas e hai que apoialos para iso estamos aquí, pero mire e todo que vostedes ían a cobrarlles anteriormente sen que se presentaran estas alegacións que lles custou a cada un dos hostaleiros 100 € porque tiveron que ir a un despacho de avogados a presentalas, iso xa é un gasto para eles, segundo gasto canto costa poñer ese toldo móbil marabilloso de dúas caras que vostede o



señor Alcalde nos amosaba e que quere poñer todo bonito en cores tenues en A Valenzá, son sobre 2.800 €, logo a seguridade da cidadanía, a seguridade da cidadanía ese toldos hai dous informes de dúas empresas distintas onde din que non poden ir metidos en macetas con terra ou con pedras, que ten que ir ancorado ó chan, despois dinme o concepto, vamos a ver, todos sabemos o que significa unha carpa e un toldo móbil, unha carpa, eu o que lles dicía cando tivemos a reunión cos hostaleiros é que é moi fácil chegar a un consenso, se todos nos sentamos nunha mes, os grupos políticos as asociacións que teñen, Cogami, as asociacións, despois os hostaleiros, a ONCE incluso para os invidentes, se se creara unha mesa de traballo que é como hai que traballar, non se chegaría a esta problemática, que vostedes dicían que todo estaba en calma por que dona Victoria fai fincapé agora nas taxas, porque sabe que é por onde os hostaleiros están agora mesmo están máis contentos presentando unha alegación a través de persoas da rúa, entón, vamos a ver, todos sabemos como se traballa aquí, vostedes o consenso sigo dicindo cero, agora queren poñelo máis bonito para que eles estean contentos, non, o grupo Popular falamos por nós mesmos que os vamos a apoiar en todo o que nos pediron, porque entendemos que toda a terraza ten a súa propia casuística, o que lle dixemos nesa reunión, vamos a ver con un informe policial, da Policía como había antes, hai terrazas que teñen que estar o que ben dicía Gonzalo, vamos a ver hai unha terraza que non vou a poñer nome porque non quero, pero hai terrazas que teñen os coches pegados se queren baixar os seus bebés non poden, ou unha persoa que queira pasar por detrás, cada terraza ten o que dixeran antes a súa casuística, entón ten que haber varios informes pois para que unha que teña carpa que non está ancorada ó chan, dígame vostede cando unha carpa non está ancorada ó chan que está nunha tarima en ningún lado o pon, entón hai moitos casos que terían que estudarse un por un, se todos estamos aquí grupo de goberno e oposición para axudarlles a eles, o que temos é que sentarnos, o problema de traer a moción o que vostede dicía señora Victoria, leccións as xustas, nós non presentamos alegacións porque sabíamos que eles as tiñan, aí si que nós, para que iamos a presentar alegacións cando eles xa as tiñan e sabíamos que os tres grupos as iamos a apoiar. A moción que traio, vostede leu a moción que traio ten dous puntos é que neste momento quitar esa ordenanza sentarse outra vez un grupo de traballo e aprobar en consenso en consenso e con democracia, con democracia de todas as asociacións en sentarse e estudalo, e a segunda é aprobalas todas, sempre que sexa coa legalidade na man, porque hai un informe técnico de intervención e o sabemos, entón nós esa moción non é neste momento, é puntual porque queríamos que se sacara esa ordenanza pero tamén dicimos que no momento de sentarse a estudar esta ordenanza todos os grupos a anterior non se levará a cabo como se está



levando, vamos a ver non é normal amedrentar, porque é amedrentar a unha serie de hostaleiros que lle dixeron que teñen que retirar as súas carpas, todos sabemos cal foi o tempo estes días e que non lles axudou durante estes meses, entón a que ben agora que aínda a lei nin por un lado nin por outro, que queren a anterior, como dicía o señor Alcalde, se non se aproba esta, vamos a aplicar a anterior, pois nós con esa moción o que queremos é que ningunha das dúas que se senten a traballar é o único que estamos pedindo con esa moción, ou co que queiran, agora mesmo si moi bonito señora Victoria as taxas perfecto, e somos os primeiros e dicírllo, casualidades da vida que vostedes baixen as taxas e que aproben unha alegación que sexa o primeiro que ensinen ós hostaleiros para que estean contentos, déixoo aí no aire para que todos pensen un pouco. Vamos a ver as persoas da rúa, saben e gústalle as terrazas, gústalle Barbadás, antes non había problema, agora hainos, vostedes saben que as asociacións de veciños e para que eles se enteren que llo dixen na outra reunión, teñan as asociacións de veciños en contra, agora teñen ós hostaleiros, grupo de goberno eu creo que teñen que pensar un pouco e sentarse e consensuar as cousas coas persoas que lles votaron a todos nós a vostedes e a nós, eu creo que o primeiro é consensuar non porque son eu. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Antes de votación o Alcalde pode pechar o debate e vaino pechar. En relación ó que indica o representante dos hostaleiros dicírlle unha cousa, carpas na beirarrúa, as carpas na beirarrúa cando as vostedes se lles avisou ou se lles mandou unha notificación por parte da Policía Local, vostedes xa foran alertados tres veces ó longo do verán pasado, tres veces, vostedes fixeron sistematicamente caso omiso a esas advertencias, a pesar desas advertencias a Policía Local que está aí, para aportar a documentación dos seus partes de servizo, vostedes fixeron caso omiso, chega un momento en que culmina a situación reborda, a situación reborda, así polo tanto non utilice frases baleiras ou cara á galería indicando que pode ser unha ameaza, nós temos que facer cumprir unha ordenanza por respecto ós veciños e as veciñas deste Concello, por respecto ós veciños e veciñas deste Concello, e repito, está aquí, estamos aquí para aclarar certas cousas e vostedes foron alertados tres veces, ó longo do verán e do inverno pasado de que estaban incumprindo a normativa, no mes de setembro estaba eu de vacacións un fin de semana e chamoume a Policía Local, nese momento foi a primeira vez que se lles alertou dende setembro ata o mes de maio que se abriu o primeiro expediente transcorreron oito meses, non me digan vostedes que non é prazo suficiente para adecuar a súa situación á realidade legal deste Concello, e non por unha ordenanza aprobada por este grupo de goberno, senón a unha a ordenanza vixente e aprobada por outro grupo de goberno, pero vostedes fixeron caso omiso, caso omiso. Esa parte de consenso que algúns de vostedes non agora



correspóndeme eu non interrompín a ningún estou na miña quenda de palabra e pecho o debate, os afectados como dixen eu anteriormente foron advertidos tres veces, e non fixeron casos ata que a situación se fixo insustentable, porque os veciños e veciñas deste Concello tamén falan co Alcalde igual que falaron vostedes 3 veces tamén falan co Alcalde e tamén se reúnen co Alcalde para queixarse de certas situacións e os minusválidos as persoas con discapacidade tamén se dirixen a min. Vostedes teñen constancia dos seus incumprimentos por parte da Policía Local entón polo tanto non pode dicir agora que as notificacións que recibiron son unha advertencia, non, é a consecuencia de certos incumprimentos sistemáticos como ben dixo a señora Concelleira houbo 3 reunións non 2 a primeira o 28 de xullo que por certo foron notificados tamén por escrito pola Policía Local, entregou a Policía Local un escrito un a un, en man, e despois fixéronse máis convocatorias por correo electrónico, 3 houbo, as seguintes foron feitas por correo electrónico, en relación da situación legal que falaba dunha persoa, legal ou xurídica en relación ó seu establecemento a primeira persoa que mencionou esa situación foron os interesados, foron os interesados nesa reunión, entón falouse para explicarlle cal era a súa situación legal, e como debían proceder esa persoa ademais tiña advertencias por parte do Concello de que parara a construción desa instalación, entón nesa reunión si que é certo que se lle dixo, pero non por que xurdira non de motus propio meu, non, non é certo, xurdiu porque a persoa en cuestión o comentou e aclarouse aí, e díxoselle. Dicirlle en relación ó consenso por parte na primeira reunión que houbo no centro empresarial transfronteirizo o 28 de xullo, e lembro porque ese mesmo día fomos a unha xuntanza a unha asemblea en Loiro, houbo peticións de todo tipo de todo tipo e nós consideramos unhas e dixemos que ibamos a valorar outras, pero hai peticións que bordeaban a legalidade e nós si comprometémonos a estudalas ese foi ánimo de consenso, vostedes pediron moitas cousas que nós ibamos a analizar e tomáronse nota pero non se dixo que se ían a facer, quedaron convidados ou quedamos emprazados todos, a unha seguinte reunión pero si que é certo que houbo concesións de todo tipo no que afectan ós aspectos fundamentais que repercuten na situación económica e na actividade dun hostaleira ou dunha hostaleira, que son o horario, a ampliación do horario, ampliase creo lembrar unha hora, chegouse a un consenso vostedes no que fai referencia ós horarios, ben, chegouse a un consenso en principio en relación ás taxas porque en todo momento se dixo que se ía a baixar e que a nós grupo de goberno nos parecían absolutamente abusivas, pois aparte de baixalas xa na primeira, no primeiro, no borrados que foi aprobado inicialmente agora hai unha alegación dunha veciña deste Concello que aporta a raíz polo que eu sei dun comentario dun hostaleiro que ademais está aquí presente, modificacións e que nós a raíz desa petición desa persoa,



consideramos que é xusta. Tamén chamar non vou poñer nomes, tamén chamar a atención a algunha persoa que interveu aquí como representante político en que conforme estea no Concello de Ourense ou estea no Concello de Barbadás, actúa completamente de xeito oposto e antagónico, o que fai en Ourense é completamente oposto ó que fai no Concello de Barbadás, como deuse por aludida pois entendeu ben, vale estou na miña quenda de palabra. Calquera conveciño e dicirlle á señora Chelo que calquera conveciño e conveciña pode presentar alegacións, está no seu dereito a presentar alegacións, polo tanto non lle faga ningún reproche a ningún veciño ou veciña de que faga esa alegación, estou explaiándome eu non a interrompín, eu non lle interrompín, eu responde a todo o que vostedes dixeron, sabe canto diñeiro aforran os hostaleiros e hostaleiras coas novas taxas, pois non, pero seguramente, coas novas, cas que se vaian a aprobar, señora Chelo non lle interrompín por favor, pois aforran probablemente máis do custe do que lle supoñen as innovacións, e dicirlle á señora Chelo tamén que esta situación chégase despois de que o Partido Popular houbera aprobado unha ordenanza e que se sistematicamente a incumprira, sistematicamente a incumprira, e por certo, señora Chelo eu non lle interrompín voulle cortar o micrófono porque non a interrompín, por favor un pouco de decoro e de comportamento cívico, e por certo que en algún momento ata nin coñecen o funcionamento da súa ordenanza, e compre lembrarlle a todos os presentes, que enriba da ordenanza hai unha lexislación superior de rango superior, que é o plan xeral de ordenación urbana, e aquí hai que dicir que o plan xeral de ordenación urbana do noso Concello contempla un artigo no que di que os toldos só poden sobresaír do que é o voladizo creo lembrar un metro, isto queda sobre a mesa, e iso é unha orde de rango superior ó que é a ordenanza municipal de terrazas e veladores. Moitas grazas. Votación, hai que votar as alegacións, perdón, as alegacións unha a unha.

Empezamos cas votacións das alegacións

Sen máis sométese o asunto a votación resultando:

Alegación presentada con números de rexistro dende o 2913 á 2919 e da 2921 á 2926:

- **Queda rexeitado o artigo 1 cos votos a favor do PP e Democracia Ourensana a abstención do Grupo Mixto e os votos en contra de PsdG-PSOE e BNG e co voto de calidade do Alcalde.**
- **Queda aprobado o artigo 3 cos votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra do PsdG-PSOE e BNG.**
- **Queda aprobado por unanimidade o punto 4**
- **Queda aprobado o apartado 4.1 cos votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo**



Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG

- **Queda aprobado o artigo 5 cos votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.**
- **Queda rexeitado o artigo 6 cos votos a favor de PP e Democracia Ourensana e os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto.**
- **Queda aprobado o artigo 6.3 cos votos a favor de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG**
- **Queda rexeitado o artigo 6.4 cos votos a favor de PP e Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto**
- **Queda aprobada cos o artigo 7.1 cos votos a favor de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e cos votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.**
- **Queda rexeitado o artigo 7.2 cos votos a favor de PP e Democracia Ourensana e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto.**
- **Queda aprobado por unanimidade o artigo 7.3**
- **Queda aprobado o artigo 8 cos votos a favor de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.**
- **Queda aprobado por unanimidade o artigo 10**
- **Queda aprobado por unanimidade o artigo 15.1**
- **Queda aprobado o artigo 15.2 cos votos a favos de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG.**
- **Queda aprobado por unanimidade o artigo 16.1**
- **Queda aprobado o artigo 16.2 cos votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG. , con horario de 3:30 e 4:00**
- **Queda aprobado por unanimidade o artigo 29.**

Alegación con número de rexistro 2932:

- **Queda rexeitada o punto número 1 cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG e os votos en contra de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto**
- **Queda rexeitado o punto número 2 cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG e os votos en contra de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto**

Alegación con número de rexistro 2933:

- **Quedan aprobados por unanimidade os catro primeiros puntos**



- **Queda rexeitado o punto 5 por unanimidade**

4- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS E VELADORES.

O sr. Alcalde toma a palabra: Punto 4 da orde do día. Dikir si se aproba a ordenanza o que hai que explicar é que si se aproba agora definitivamente a ordenanza, está ordenanza apróbese coas alegacións que foron aprobadas por parte do Pleno. Polo tanto votos a favor da ordenanza coas alegacións que se acaban de aprobar, votos a favor

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e os votos en contra de PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Aprobación definitiva da ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores.”**

5- PLAN ECONÓMICO- FINANCEIRO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 5 da orde do día o Plan económico-financeiro. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes a todo o público asistente, Concelleiras, Concelleiros e persoal técnico deste Concello. Antes de comezar a min gustaríame lembrar que un día tal coma hoxe 18 de maio do ano 1916, reuníronse na antiga sede da academia galega na Coruña un grupo de vinte persoas capitaneados por Antón, constituíse aquela data hai hoxe xustamente 100 anos as Irmandades da Fala eu creo que aquilo supuxo un antes e un despois da historia cultural e lingüística deste País, e creo que era unha cuestión de honrar porque neste Pleno se aprobou tamén unha moción creo que por unanimidade, de honrar o ano das Irmandades da Fala porque se fai 100 anos desa convocatoria, como dicía anteriormente. Estamos na providencia de Alcaldía, estamos en outra cousa pero quero dicir iso, e agora vamos ó que nos trae ó caso que é o Plan económico-financeiro, este plan económico-financeiro foi redactado polos servizos de intervención deste Concello eu creo que é un documento moi exhaustivo, un documento contable que detalla polo miúdo cal é a situación económico-financeira deste Concello, e o documento que nos obrigan a redactar desde a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para poder facer unha aplicación do remanente de tesourería que hai actualmente no noso Concello, neste documento como digo que está perfectamente redactado e que eu agradezo á señora Interventora a súa redacción, recóllese que cumprimos estabilidade orzamentaria máis non cumprimos a regra de gasto, sen embargo, debido á laxitude que



se está aplicando actualmente no Estado Español en canto á regra de gasto isto non vai ser un obstáculo para poder aplicar o remanente de tesourería proximamente, e este é o documento que traemos hoxe á aprobación do Pleno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Intervencións. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós sobre este punto xa nos informamos en intervención, e si é o trámite que hai que facer para poder gastar o remanente e nada máis. Non temos nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Remítome ás palabras do compañeiro Ramón e a Interventora o outro día explicounolo ben e a nós quedounos claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: O Partido Popular que quere o que quere deixar claro que cando saímos do goberno deixamos un millón e medio de euros de remanente de tesourería para que vostedes o entendan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estanme dicindo que eran 900.000

A sra. Vispo toma a palabra: Acabamos de falar que é un millón e medio, é un millón, novecentos, rectifico

O sr. González toma a palabra (PP): Non é risa ningunha acábalo de preguntar á Interventora, entón se a Interventora informa mal.

A sra. Vispo toma a palabra: Perdón, a diferenza son de 900.000 € a un millón e medio que hai hoxe, pero eses 600.000 veñen tamén da traxectoria do grupo Popular, o que queremos é que estamos a favor de que realmente este informe se mande á Consellería porque non se cumpre a regra de gasto, pero que si teñan claro os cidadáns que ese diñeiro deixouse aí realmente de todos estes anos, diga que si, porque vostede non dixo o importe, hai un remanente de tesourería para poder usar e que realmente agora vaise pedir esa aceptación á Xunta con este informe que fixo intervención para que se poida usa en favor de todos os cidadáns de Barbadás que quede moi claro que foi pola xestión do Partido Popular, que non se poñan medallas. Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu síntoo moito levarlle a contraria á señora voceira do Partido Popular porque está faltando á verdade, e entón é a miña obriga ter que levarlle a contraria, non pode ser doutra maneira, o que hoxe ben a debate a este Pleno, non é o remanente de tesourería, non é iso,



hoxe ven a aprobación dun plan económico-financeiro redactado polos servizos de intervención deste Concello, co cal estamos falando de cousas diferentes, pero se vostede quere falar do remanente de tesourería podemos falar dese remanente de tesourería, a cuestión é a seguinte, neste Pleno había un remanente de 920.000 € que o Partido Popular tiña pensado adicar única e exclusivamente a cemento, e a chapapote, investidos nunha única estrada sen pensar nos servizos sociais, sen pensar nas persoas, sen pensar nos servizos públicos, sen pensar nas necesidades de investimento deste Concello, sen pensar no fomento da creación de emprego, sen pensar no benestar dos nosos cidadáns tiñan pensado investilos exclusivamente como digo en cemento e chapapote, ese remanente que era de 920.00 € cando o Partido Popular deixou o goberno e que hoxe na actualidade é dun 1.500.000 €, é unha consecuencia da Lei de estabilidade orzamentaria que fixo Montoro no ano 2012, e que obrigaba a todos os Concellos do Estado Español a aplicar unha regra que era que só se podía gastar cada ano un coeficiente de actualización sobre o gasto executado o ano anterior que sucedía en Barbadás, en Barbadás o que sucedía era que o goberno do Partido Popular non era quen de executar todo o gasto orzamentado a inicio de ano, as consecuencias eran, que a raíz de todos anos dende que eles non eran capaces de executar ese gasto que orzamentaban a inicio de ano porque se executaba arredor, repito, a consecuencia do remanente de tesourería era a raíz da Lei de Montoro de estabilidade orzamentaria aprobado no ano 2012 no Estado Español e que impedía ós concellos a pesar de ter remanentes de tesourería, impedía gastar ese diñeiro porque só se podía executar como gasto no seguintes anos, o gasto executado o ano anterior actualizado cun coeficiente que viña a ser por exemplo do ano 2016 do 1,3, como o Partido Popular non executaba o seu orzamento, viña executando algúns anos o 85% do orzamento e no mellor dos casos executaba o 92% do orzamentado ese remanente foise acumulando ó longo do tempo pola ineficacia, pola desidia, e pola de falta de traballo do anterior grupo de goberno do Partido Popular, esa é a razón pola que se chegou ó ano 2015 co remanente de 900.000 €, e que o propio señor Montoro non deixaba gastar, ese é o motivo e disto podemos falar cando queira, e máis eu alégrome moito de que vostede pida ese informe, porque así iso quedará claro a toda a cidadanía o que acabo de dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón. A señora Fina Varelas, por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: O remanente ise de 900.000 € segundo me explicaron no Concello era para obras de mantemento entón a ver, aquí estamos falando unhas cousas que se contradín co que eu preguntei, e outra cousa señor Tenente Alcalde, vostede di que eles deixaron 900.000 agora hai



1.500.000 entón vostedes tamén arrastran 600.000, vamos a ver sexamos coherentes, é normal que nos dean diñeiro e podelo gastar en beneficio dos veciños, pero as cousas hai que chamarlles polo seu nome, porque eran para obras, non se ría porque a min dixéronmo o ano pasado, a ver eu non estou mentindo, a min díxome a Interventora acórdome que me dixo que eran para obra de non mantemento, a non ser que este ano cambien os parámetros e sexa para outras cousas, agora eses 900.000, 920.000 € eran para obras de non mantemento, entón fálese as cousas en propiedade e non veña dicindo que outros deixaron 900.000 cando hoxe temos 1.500.000, entón vostedes tamén arrastran 600.000 non empecemos a votar pelotas para atrás nin pelotas para adiante, arranxemos as cousas que sempre é o que digo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Gracias. Ten a palabra a señora Chelo Vispo por favor.

A sra. Vispo toma a palabra: Fina explicáchelo perfectamente, é que xa non teño que engadir o que quedou vostede mal, a coherencia ante todo, non, non faga así, a coherencia ante todo. Vamos a ver a diferenza vostede a diferenza vostedes a arrastran dun 1.500.000, 900.000, grazas por dicilo, porque vostedes tamén non cumpriron o que nós tampouco faciamos, segundo vostede. En primeiro lugar está a señora Interventora e o informe pedirase porque ben dixo a miña compañeira de Democracia Ourensana que os remanentes soamente eran para obras non sostibles, non como vostedes di para emprego, vostede vende á cidadanía para emprego, para benestar social, vostede cree que se poderamos utilizado o houberamos feito vostede estivo oito anos na oposición e nunca non dixo tampouco nada, como?, que tampouco que o podíamos, vostede podía traer mocións o remanente de tesourería cando sabe que hai un informe técnico onde non se pode utilizar para iso, era en cemento, como en cemento, eran unhas obras, eran parques e xardíns de todo o Concello, era o ensanche da ponte, vamos a ver unha serie de obras que quedaron aí, que vostedes non van a facer, nós estamos de acordo con este informe que se use en base á cidadanía, pero diga a verdade, diga a verdade, que vostede quedou mal neste momento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Perdón necesito por alusión o que acaba de dicir, porque me paréceme moi grave unha pequena explicación e moi breve, e que se acaban de dicir cousas mi graves e son mentiras, non porque é mentira o que acabas, pero quero clarexar existente un par de detalles do que acabades de dicir, que é mentira, e que non pode ser, non se pode consentir, non, mira empecei.

O sr. Alcalde toma a palabra: Orden, vamos a ver houbo dúas intervencións por parte de todos os participantes, neste caso chamoulle mentireiro, dixo que mentía. Ten un minuto por alusións.



O sr. Fírvida toma a palabra: Moi rápido señora Fina na miña primeira intervención dixen en que se estaban relaxando as condicións que puñan dende o Estado Español para aplicar este remanente, é certo antes non se podía para o que non fose gasto financieramente sostible, e agora si que o deixan dixelo na miña intervención, polo tanto non mentín, senón me entendeu síntoo. Segunda cuestión o que estamos aprobando é un plan económico-financeiro baseado nas contas do ano 2015, o orzamento do ano 2015 fíxoo o Partido Popular non o fixo este grupo de goberno, polo tanto nós non somos responsables de cal era a liña de gasto establecido polo orzamento que fixo o Partido Popular en decembro do ano 2014, acabei.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, e as abstencións de PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Plan económico-financeiro”**

6-PREZO PÚBLICO CET.

O sr. Fírvida toma a palabra: No Centro empresarial transfronteirizo aprobamos o ano pasado unha ordenanza que regula o seu uso igual que todos os espazos públicos deste Concello, establecendo unhas taxas para o seu uso por parte de quen precise. Nese Centro empresarial tranfronteirizo xa leva traballando dende hai sete anos ocupando esa instalación unha oficina o grupo de desenvolvemento rural onde está incluído Barbadás que se chama ADERCOU, o convenio que había entre este Concello e este grupo de desenvolvemento rural era que o Concello de Barbadás en lugar de pagar os 1.000 € que se lle correspondía por ser socio desa asociación compensábase coa utilización dese espazo público, a raíz da aprobación da ordenanza do uso do espazo público do Centro empresarial transfronteirizo, o custe desa oficina se ía por enriba dos 2.000 €, o que vimos a aprobar hoxe é unha adaptación dese prezo público para que xustamente a utilización desa oficina concorde coa a cota de socio do Concello de Barbadás en ADERCOU que é de 1.000 €.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Intervencións, ten a palabra o señor Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Non temos nada que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: A voceira de Democracia Ourensana por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois aquí, a ver, como explicarme, que por unha parte estou a favor pero por outra isto de andar facendo as cousas o traxe a medida das persoas pois non me gusta, sinceramente, é o que digo, andarse adaptando á empresas a uns si e a outros non, porque calquera día



vai vir calquera cidadán, ou calquera organismo asociacións de veciños, que tamén nos veña propoñer adaptarnos a eles, ou sexa é que non sei, é a miña opinión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Nós vamos a votar a favor porque estase prestando unha labor por parte da asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Ourense que ten a súas oficinas no Centro empresarial transfronteirizo moi significativa nun primeiro programa e agora noutro programa novo que se acaba de aprobar e no que queda incluído o Concello de Barbadás. Estou tamén de acordo con Fina non o podo negar porque carece de información sobre as funcións desta asociación, e eu penso, sempre quero indicar que estamos de acordo co prezo pola condonación dos 1.000 € anuais do pago da cota, pero o que si é conveniente ou tiña que haber sido conveniente nun Pleno, anterior o señor Tenente Alcalde propuxera o que o Concello de Barbadás se sumase novamete a ese proxecto e explicarnos en que consiste entón quedaríanos a todos perfectamente claro cales son as funcións e a labor moi favorable sobre todo para este Concello que ademais este ano queda incluída A Valenzá sobre os plans Leader da Unión Europea. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro o feito de que se lle condone a diferenza entre os 1.000 € e o que sería o prezo real pola utilización desa oficina está baseado en que, no ben común, no uso público que se lle vai dar e no beneficio que vai a tirar Barbadás, e o aproveitamento público que vai tirar Barbadás de que estea aí situada esa oficina. Nós pensamos que polo ben común, e por unha xustificación de razón económica-social compensa esta rebaixa, non é unha empresa privada non é un comerciante, é unha asociación de concellos, de comerciantes, de asociacións, é un grupo de desenvolvemento rural, polo tanto estou aberto a explicar isto cando faga falta a todo o grupo de goberno e ás cidadanía sen ningún tipo de problema o que pasa que eu non vexo como vai traer o grupo de goberno a un Pleno unha cuestión que queremos explicar sen máis en todo caso poderían ter vostedes presentado unha moción, ou unha iniciativa para esixirnos que nos expliquemos cal é o plan do Concello de Barbadás dentro de ADERCOU que ven a ser o que se realizou durante sete ano ampliado ás estratexias que están actualmente en elaboración e nas que vamos a participar dende logo non teño ningún problema en futuros Pleno explicar molo miúdo cales son os proxectos que ten este Concello dentro dese grupo de desenvolvemento rural.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



“Prezo público CET”

7- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4/2016

O sr. Fírvida toma a palabra: Esta transferencia de crédito por 4.000 € faise para comprar un sistema de aire acondicionado para un tanatorio, para o tanatorio de Bentraces temos cinco tanatorios no noso Concello todos adaptados á lexislación actual máis e imprescindible que estes tanatorios teñan servizo de climatización, ese aire acondicionado funciona mal dende hai tempo e decidiuse non reparar senón comprar un novo para substituílo na partida adicada nos orzamentos para estes gastos estaba esgotada e polo tanto temos que facer unha transferencia de crédito para poder facer fronte a este pago.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada, sobre este tema estamos de acordo o que si quería apuntar que non houbo segunda intervención antes que a asociación ADERCOU non houbo. Que é unha pena que a ver si funciona de verdade porque é unha pena cando houbo unha reunión aí atrás que eu asistín, que era para informar das axudas tanto a particulares como a empresas como as asociacións de veciños e todos os que poidan optar a esas axudas e só había dúas persoas naquela reunión, entón a ver se dende o goberno trata de facer máis publicidade do tema para a xente se poida sumar, e poida facer uso diso que temos aí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo porque se houbo un cambio de instalación en Bentraces é normal que se paguen as facturas que, o que pasa é que teríamos que mirar para o ano que ven no exercicio dos presupostos pois adaptalos un pouco medianamente ben porque ós tres meses de telos xa estamos con carencia de diñeiro en partidas algo triste, porque deica a final ano, vamos a ter que andar facendo rectificacións cada Pleno entón ide tomando nota para o ano que ven a ver se fan ben, pero neste caso é normal pagar esta factura.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular. Votos a favor polo tanto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Transferencia de crédito 4/2016**”

8- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL



O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é o recoñecemento extraxudicial de crédito. Ten a palabra tamén o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Hai un reparo feito pola Intervención para levantar este, e para levantar o reparo primeiro temos que incluír na orde do día con carácter de urxencia, levantamento do reparo, temos que votar a urxencia do levantamento do reparo, o levantamento do reparo, e despois o recoñecemento extraxudicial de crédito. Eu empezo polo último explicando, o recoñecemento extraxudicial de crédito é porque nos orzamentos do 2015 non chegou o diñeiro para pagar o que nos cobra ANPIAN de bonobuses e de transporte escolar e lle debemos dous meses, entón temos que facer un recoñecemento extraxudicial de crédito porque ben dun exercicio anterior para poder pagar a débeda pendente que temos ca empresa de transportes ANPIAN, pero como digo ten ese reparo, temos que votar a urxencia do reparo, levantar o reparo e facer o recoñecemento do crédito, por unha cuestión legal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da urxencia incluír na orde do día. O primeiro que hai que facer e considerar e aprobar a urxencia de incluílo na orde do día. Votos a favor a favor na inclusión da orde día da urxencia deste punto.

Sen máis sométese a votación quedando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PP o seguinte punto: **“Aprobación da urxencia da inclusión do levantamento do reparo”**

O sr. Padrón toma a palabra: Isto ó parecer coa información que temos nós refírese ós bonobuses de ANPIAN que claro non se sabe canto se van a vender durante o ano entón chegamos a final de ano e hai aí unha factura que nos presenta ANPIAN para pagar, ó parecer antes pagábase con cargo e a servizos sociais que había unha partida bastante grande de cartos, pagábase e non facía falta chegar ó ano seguinte a facer un reparo como o deste ano. Este ano pois porque houbo cambio de goberno e esas cousas pois cando chegou esta factura non había cartos para pagala entón pois agora temos que facer isto. Esperemos que isto non volva a pasar e se entra en servizo o bus metropolitano e ó mellor xa non volva a pasar que teñamos que pagar esta factura e senón entra en servizo o bus metropolitano teremos que limitar a venda de bonobuses para que non se engorde tanto diñeiro que temos que pagar polo tema dos buses, porque isto ven diso, crín entender, vamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu non acabo de entender ó señor Padrón limitar a venda de



bonobuses, eu o que penso é o que dixen antes que cando fagamos os presupostos anuais semos previsores, isto xa sei que é de atrás, que viña pasando. Vamos a ver, non das presupostado exacto pero vamos a ver, agora na miña quenda, vamos a ver, o tema é o seguinte, temos que ser previsores é certo que a céntimo non podemos presupostar unha cousa iso non se pode saber pero non podemos ter os orzamentos tan desfasados e sabemos que aquí nesta partida gastamos moito diñeiro anualmente e non podemos quedar colgado ano tras ano con meses, é certo que xa viña pasando outros anos que non é culpa deste goberno, si ven pasando porque claro son facturas enormes pero o que pediría como dixen antes e cando se fan os presupostos anuais facelos con cabeciña pararse a pensar ben antes de aprobalos e mirar que diñeiro vai para cada lado para non andar con estes temas porque vamos gastar en Plenos en tonterías, vamos en cousas que se poden a ver hai gastos imprevistos, é certo, pódenos pasar calquera desgracia no Concello e tiñamos un gasto imprevisto iso si que non podemos calcúlalo pero gastos máis ou menos que sabemos que temos anuais si, entón ter un pouco de consenso e facer as cousas con cabeza. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Publicamente Eva se nos podes explicar porque eu sigo sen entendela, eu sei, entendo o que é a factura pero había para facer, ou sexa, a ver, había, deixouse un remanente bastante grande, se houbo unha diferenza en 2015 nos bonobuses, porque houbo aí unha diferenza moi grande nuns meses, pero iso é labor do goberno loxicamente de controlar todo ese gasto que hai a maiores, ou sexa por algo será

A sra. Interventora toma a palabra: Pero por iso hai un reparo

A sra. Vispo toma a palabra: Por iso mesmo, ou sexa é que estamos dicindo que eu non estou de acordo, estou de acordo que se levante, ou sexa que teña ese reparo porque entendo que é do grupo de goberno controlar todo isto

A sra. Interventora toma a palabra: A ver é un gasto que todos os anos a ver o que estaba dicindo Fina, non é un gasto que estea contado normalmente cando ti asumes un servizo por exemplo o lixo e ademais cando son servizos cuantiosos, como pode ser oírrese o lixo que é un servizo que custa sobre 300.000 €, estamos falando para o tema do transporte trescentos e pico mil euros, non chega, non vai chegar, entón haberá que regulalo de algunha maneira para que non todos os anos, porque este é un tema recorrente de todos os anos anteriores, que ocorría os anos anteriores o grupo de goberno pois xa sabía que podía ocorrer e se adiantaba pero neste caso houbo un cambio de situación vendéronse máis bonobuses e non había crédito, e é algo grave que non haxa crédito ó final do



exercicio.

A sra. Vispo toma a palabra: É a previsión o que estou dicindo, non, non pero vamos a ver pero eu pedín explicacións á señora Interventora se queres non falo pero quedou moi claro, vamos a ver quedou moi claro realmente que é previsión do grupo de goberno, neste caso nós tivémolo anteriormente pero vós non tivestes iso, por iso ela levanta este reparo, é que eu non estaba entendendo e queríadesmes, vamos a ver non vou a utilizar ben a palabra, realmente ela levanta este reparo

A sra. Interventora toma a palabra: Eu non levanto o reparo, e o reparo levántao o Pleno.

A sra. Vispo toma a palabra: Teño moi claro que vou votar en contra. Non hai previsión, non hai previsión polo grupo de goberno.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu quero lembrar dúas cousas ou tres, a primeira estamos falando do ano 2015 os orzamentos do ano 2015 fixoos o Partido Popular, non os fixo este grupo de goberno, repito, estamos falando do ano 2015 os orzamentos do ano 2015 non os fixo este grupo de goberno, fixoos o Partido Popular, a ver, estamos facendo un recoñecemento extraxudicial de crédito porque nos orzamentos do ano 2015 non chegou o diñeiro para pagar as facturas do ano 2015 e os orzamentos do ano 2015 os fixo o Partido Popular, non este grupo de goberno, segunda cuestión que quero aclarar o incremento do gasto nos bonobuses non é culpa de ninguén en todo caso é unha consecuencia, é unha consecuencia de dúas cousas, a primeira dela que o billete de ANPIAN subiu de 1,10 a 1,25 co cal a xente usou moito máis os bonobuses hai moito gasto de bonobuses e dende logo eu non son ningún policía para pórme todas horas do día nas oficinas municipais investigando a xente que entre, porque a xente que vai ás oficinas a comprar ás oficinas municipais a comprar os bonobuses levan un carné e os que son pensionistas véndeselles uns tacos, os que non son pensionistas véndeselles outro taco, compróbase que teñen que estar censados neste Concello, e os que son estudantes levan outro taco, e esas son as condicións que tiñan establecido o Partido Popular durante o 2015, que por certo mantémolas. Outra cuestión máis dende que entramos no goberno levamos un control de todo o que vendemos porque elaboramos unha base de datos onde vamos anotando o número do carné da persoa, os apelidos da persoa, e o consumo individual de cada persoa neste Concello na compra de bonobuses cousa que non se fixo nunca na vida neste Concello e agora se está facendo, elaborouse unha base de datos en excel onde se vai anotando os apelidos da persoa que compra o bonobuses e se vai anotando canto se lle vendo ó longo do ano, e se se consumen pois é porque a xente usa máis o transporte



público.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón por favor, é a segunda quenda de palabra.

O sr. Padrón toma a palabra: Ó final é o que falábase isto ben do tema dos bonobuses e antes a ver os para nós, cada un que opine o que queira, para nós o arranxo non vale dunha maneira nin da outra, ou sexa, antes prevíase que ía haber ese desfase entón había moito diñeiro nunha partida e sacábase de aí e pagábase, agora cando se foi votar, cando apareceu a factura e non se atopou diñeiro de onde sacalo entón agora temos que facer isto, está claro que a factura hai que pagala e nada máis. a nosa postura é que ningún dunha nin da outra, hai que buscarlle unha solución ó tema dos bonobuses se entra en funcionamento o transporte metropolitano a solución xa estará dada entón xa se se vai a limitar senón lembro mal cando fora o convenio aquel, íase limitar o número de venda dos bonobuses ata un número de non sei cantos eran ó mes, agora non me lembro ben, se eran 60 os que se quería poñer, non vai haber o desfase que hai agora, agora véndense os bonobuses a mansalva os que se queiran entón por iso temos este problema a final de ano, entón se entra o metropolitano asunto arranxado, se non entra teremos que digo a nosa proposta é que se intente limitar a venda dos bonobuses para que non pase isto, entre ou non entre o metropolitano.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. A señora Fina Varelas ten a palabra. O Partido Popular ten a palabra a súa voceira.

A sra. Vispo toma a palabra: Despois do informe da señora Interventora, o que pedimos o grupo Popular é o cambio de voto da primeira intervención, porque non tiñamos constancia do que, eu sinceramente creo que os que estamos aquí estabamos a falalo agora non tiñamos constancia deste, entón o noso voto é diferente, de feito a isto vamos a votar en contra polo motivo de que non tiñamos o informe, vamos a ver, eu, claro non sabiamos de que ía de todas maneiras vostede di señor Tenente Alcalde isto é do ano 2015 pero nós tiñamos previsión e todos os anos tivémola, é de control de gasto, non lle voten a culpa o Partido Popular, espere un momento, vamos a ver, é de control de gasto despois me di que non aquí un informe, que seguiron coa forma do Partido Popular, é que nós tiñamos na Casa da Cultura onde se vendía antes os informe, ou perdón os bonobuses, facíanse informes que teño eu en cd, téñoos na casa e ensínollos, de todos facemos estudos do que se vendía, entón non me diga que non había informes técnicos cando si os hai, porque ademais o poden vostedes corroborar na Casa da Cultura, senón tráioos eu, é un control de gasto e o noso voto vai en contra porque de feito queremos cambiar o voto porque non tiñamos o informe da señora Interventora. Pero vamos a ver, mal



informados porque sen lelo así.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non se pode cambiar o voto unha vez que está pasado ademais de punto, é absurdo.

A sra. Vispo toma a palabra: Ánxela é a mesma regra. Señor Alcalde non temos problema, vamos a ver, que non hai problema

O sr. Alcalde toma a palabra: A señora Interventora está dicindo que si que estaba o informe, polo tanto.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Alcalde antes dixemos, que quede en acta que conste en acta que nós nas alegacións das terrazas avisámoslle que estaban votando mal, e cambiouse o voto, agora mesmo queda constancia

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero estábamos cas alegacións das terrazas.

A sra. Vispo toma a palabra: Perdoe, total é igual porque van a votar a favor, dáme igual pero quero que quede constancia que o Partido Popular que agora non se pode cambiar é en contra do anterior e neste tamén.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Interventora o informe estaba emitido.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, porque aquí é todo non, pois non, xa está, é que a ver que si que podes Fírvida si que podes, que eu non teño ningún problema pero é que é para uns si e para outros non, se vos avisamos de que estades votando mal

O sr. Alcalde toma a palabra: Estábamos nunhas alegacións e este é un punto distinto.

O sr. Firvida toma a palabra: Quero facer unha aclaración moi rápida, eu non lle boto a culpa ó Partido Popular había unha partida orzamentaria que non chegou porque o consumo de bonobuses disparouse, control hai, e ó que me refería antes é que agora hai un control de cada unha das persoas que comprar bonobuses non dos bonobuses, nin da contabilidade dos bonobuses, que sempre a houbo, pero de persoa por persoa do consumo individual

A sra. Vispo toma a palabra: Que si o había e comenteillo a ti, que o había persoa por persoa, e con DNI, con un número que tiña cada persoa. Xa quedou claro que si se facía antes e con número, cada persoa tiña un número, vamos a ver, e pódocho dicir claramente é meu fillo, non me importa dicilo, os meus fillos teñen un número asignado igual que as túas fillas ou quen sexa e teñen e controlaban os bonobuses que se lle daba a cada un, non me digades que non. Xa está non vamos a entrar en máis.

O sr. Fírvida toma a palabra: Só unha cousa que se non se levanta non vai cobrar ANPIAN, e nos vai denunciar.



O sr. Alcalde toma a palabra: Senón se levanta o reparo que quede claro non se pode pagar, fago a advertencia de que non pode cobrar ANPIAN. Votos a favor do levantamento do reparo, abstencións
Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PP: **“Levantamento do reparo”**

O sr. Alcalde toma a palabra: Agora vamos co recoñecemento extraxudicial de crédito. Votos a favor, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PP: **“Recoñecemento extraxudicial de crédito”**

9- MOCIÓN SOBRE A ORDENANZA DE TERRAZAS E VELADORES APROBADA INICIALMENTE NO PLENO DE DATA 11 DE ABRIL DE 2016.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día e a moción do Partido Popular sobre a ordenanza de terrazas e veladores aprobada inicialmente no Pleno de data 11 abril de 2016, agradezo a todos de novo, que nos cingamos ós tempos, neste caso vou a ser estrito a partir de agora, neste momento. Empecemos ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno anterior aprobouse inicialmente a Ordenanza Reguladora de terrazas, lonxe de regular, unificar e homoxeneizar esta actividade introduciuse un factor perturbador da convivencia e de incertidume xurídica para os empresarios. É dicir, a ordenanza non contentou nin a hostaleiros nin a veciños. Creemos que dita Ordenanza ha de ser revisada e introducir criterios claros que no dean cabida a baleiros legais ou amplas interpretacións que xeren unha inseguridade xurídica, que é ou non unha estrutura fixa, horarios, espazos acoutados, que partes se poden cubrir, por outra parte, está en boca de todos os hostaleiros e veciños a sensación de agravio ou a suposta laxitude con uns e a rigurosidade con outros. Temos unha complicada tarefa, por un lado, hai que garantir a convivencia e o descanso dos veciños así como o disfrute das nosas rúas e prazas. Por outro lado, hai que facilitar unha actividade xeradora de emprego e riqueza económica para autónomos locais e pequenas empresas. Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do PP de Barbadás presenta os seguintes acordos que se poderán aprobar por separado:

ACORDOS:

1.- O Concello de Barbadás creará unha mesa de traballo na que participen empresarios hostaleiros,



técnicos, partidos políticos, asociacións de colectivos afectados (Cogami, Once, veciños) para modificar a ordenanza co fin de melloralala tratando de eliminar todos os baleiros legais e de interpretación. Accións a desenvolver na mesa de traballo:

- Crear o grupo de traballo técnico de asistencia á comisión de terrazas (Técnicos de seguridade, Policía , Urbanismo, e demais áreas afectadas)
- identificar ós colectivos afectados e ós seu representantes
- Reunir e especificar as reivindicacións de cada colectivo.
- Abrir vías de comunicación e participación.
- Analizar conxuntamente o resultado de todas as reivindicacións .
- Elaborar a nova Ordenanza en consenso e trasladar ó Pleno para a súa aprobación .

Paralizaranse todos os expedientes sancionadores e o cobro de taxas do ano en curso (2016), ata que se aprobe a nova Ordenanza.

2º.- Se aprobarán en conxunto todas as alegacións presentadas en tempo e forma.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, a moción non a vou a volver a ler, porque loxicamente está clara, vía a colación aínda algúns din que son oportunista, o que si quero que quede claro e que conste en acta, que esa moción que a traía o Grupo Popular por o tema das alegacións dos hostaleiros, os acordos que puña que o Concello de Barbadás creara unha mesa de traballo na que participen empresarios, hostaleiros, técnicos, partidos políticos, asociacións de colectivos afectados (Cogami, Once, veciños) para modificar a ordenanza co fin de melloralala tratando de eliminar todos os baleiros legais e de interpretación. As accións a desenrolar na mesa de traballo:

- Crear o grupo de traballo técnico de asistencia á comisión de terrazas (técnicos de seguridade, Policía, Urbanismo e demais áreas afectadas)
- identificar aos colectivos afectados e os seus representantes.
- Reunir e especificar as reivindicacións de cada colectivo.
- Abrir vías de comunicación e participación.
- Analizar conxuntamente o resultado de todas as reivindicacións.
- Elaborar a nova ordenanza en consenso e trasladar ao Pleno para a súa aprobación.

Se paralizarían todos os expedientes sancionadores e o cobro de taxas do ano en curso (2016), ata que se aprobe a nova ordenanza. Ou o segundo punto que se podía aprobar por separado, e que se aprobaran en conxunto todas as alegacións presentadas en tempo e forma. ¿Por que fixo isto o Grupo



Popular? Porque víamos que era moi complicado, sobre todo o que pasou hoxe aquí, entón o que si, non damos leccións a ninguén, que non somos quen para dar leccións, o que si esperemos que o grupo de goberno vira o que pasou con esta ordenanza que a afectado aos hostaleiros, igual que aos veciños que co voto de calidade do señor Alcalde se aprobaron, entón entendemos que cunha mesa de traballo, e cunha serie de accións a desenvolver en dita mesa se podería chegar a un consenso, e non ao que pasou hoxe aquí ou o que pasou noutros Plenos anteriores, entendemos que é deixar sobre a mesa como se pode actuar e que realmente non volvan a pasar estes temas. E nada máis o que dicía é que non vou a nomear a ningún grupo político, pero non é oportunismo senón querer axudar neste momento ao grupo de goberno, e ó principal que era aos hostaleiros a que se chegara a un consenso entre todos e non ao que se armou, e que realmente pois se fomos oportunistas a prensa estaríamos todo o día coas terrazas, se fora ao revés, vamos eu creo que todos os periódicos estarían cheos de terrazas do Partido Popular, neste momento non queríamos que o Partido Popular e que conste en acta que saíramos nos periódicos por problemas cos hostaleiros, Barbadás tense que coñecer realmente polo que é, ¿vale? e non polos problemas que hai que arranxar no grupo de goberno, grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo,

A sra. Vispo toma a palabra: Non, non, a emenda presentouse porque había unha alegación, perdón un informe técnico de intervención, a ver nós puñamos no segundo punto que se aprobaran en conxunto todas as alegacións presentadas en tempo e forma, pero fíxose unha emenda que se presentou na Comisión informativa porque entendíamos que había un informe técnico da Interventora que non era legal, por iso fixemos esa emenda, ¿de acordo?

Sen máis sométese a votación resultando aprobado por unanimidade: **“Emenda presentada polo Partido Popular: 2- Se aprobarán en conxunto todas as alegacións presentadas en tempo e forma salvo aquelas que contraveñan a legalidade vixente”**

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Rapidamente, a moción aínda que no espírito estamos de acordo, creo que está moción estaría ben o día que foi a aprobación inicial, para que se traballara nese sentido, o Grupo de Goberno traballara no sentido de facer unha mesa de traballo, o que dixemos verbalmente aquí, pois se se quixera traer como unha moción, pois estaba ben, pero agora a verdade é que si, que nos parece algo oportunista, porque ó fin e ó cabo a ordenanza xa chegou a, ou sexa o Grupo de Goberno quixo aprobar unha ordenanza, porque había unha ordenanza anterior que entendía que non estaba ben, e moitos hostaleiros non a querían porque lle parecían uns prezos abusivos, entón o Grupo



de Goberno fixo unha ordenanza nova, como faría calquera, se lle queren cobrar máis e despois lle queren cobrar menos, agora os hostaleiros presentaron unhas alegacións, viñeron aquí ó Pleno, debatéronse esas alegacións, aprobáronse a maioría delas, por non dicir todas, e saíu a ordenanza, se volvemos isto atrás, entón que se lle aplica, que lle aplicamos ¿a ordenanza que estaba neste momento os hostaleiros?, ¿eles estarán de acordo con iso?, claro é que nos parece algo oportunista ou irresponsable neste momento hoxe que houbo este debate, agora de repente tirar abaixo unha ordenanza cunhas alegacións aprobadas, e de repente meterlles, porque claro a conclusión cal é meterlle a ordenanza anterior, oxalá estiveran aquí, marcharon non sei por que, porque tiñan esta moción e afectáballe, podían estar, non sei, a ver vostedes din que se cabrean, eu cando foi o tema das asociacións de veciños trouxeron un montón de alegacións que aquí se aprobaron, nós non trouxemos ningunha moción para votar abaixo ningunha, o que se estaba debatendo aquí, aprobáronse as alegacións, e non saíron aprobadas, non saíron aprobadas porque a aritmética aquel día era outra, e non saíron aprobadas, hoxe saíron aprobadas as alegacións dese colectivo que as presentaba, pero vamos a ver, eu non estou falando, vamos a ver, estamos nunha democracia, a democracia réxese por a maioría, ou por unha maioría, se ti non estás de acordo con algo pois non estas de acordo punto, tes os teus motivos, se eu estou de acordo con algo xa o explicamos, eu non vin aquí a votar por sistema, nós miramos todas as alegación que presentaban, dixemos claramente no que estábamos de acordo, e dixemos claramente o que non estábamos de acordo nas medidas e non se aprobaron, pero pola aritmética que se coincidiu aquí, non porque nós quixeramos ou non, eu non lle pregunto a vostedes o que votan a favor ou o que votan en contra, nin lle digo mira vota a favor isto porque entón eu vou a votar en contra, e así sumamos pin, pin, pin, e acertamos, non, oe nós argumentamos polo que votamos a favor e polo que votamos en contra, e agora estou dicindo que se nós votamos abaixo esta ordenanza, non sei, eu creo que implica, porque eles están suxeitos a unha ordenanza, que lle van a aplicar a anterior, ¿estarán eles de acordo con iso?, cando eles presentaron unhas alegacións, aceptáronlle algunhas delas que a nós xa nos chegaron hostaleiros que estaban contentos coas novas tarifas, o Grupo de Goberno fixo análises das cousas e aceptou varias, non aceptou todas por iso viñemos ó Pleno e aceptáronse outras máis cas que nós estábamos de acordo, e a aritmética que hai aquí permítenos que se aproben esas alegacións, punto, e agora isto, pois nós non estamos de acordo porque non, porque sería meterlles outra ordenanza ca que non están de acordo

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: O señor padrón non sei que problema ten coas asociacións de



veciños, porque cada vez que o vexo sempre está co mesmo roio, aquí non estamos coa asociacións de veciños agora mesmo, por favor estou falando eu, o tema é o seguinte cada vez que o vexo sempre está do das asociacións, mire as asociacións é como outra cousa calquera do Concello, non ten máis privilexios nin menos privilexios, unha, eu voto o que me dá a gana, e máis demostrei e quero demostrarllo ao señor Alcalde que antes fixo alusións que en Ourense votábase unha cousa e aquí outra, pois si ten que ser así, e sabe porque ten que ser así, porque mire Ourense é un Concello e Barbadás é outro, cada un ten unhas normas cada un e ten unha tipoloxía diferente, o que demostra que teño un líder moi intelixente, que non me coacciona o meu voto, e que me deixa ser libre, isto tiña que ser un orgullo para o Concello de Barbadás, non para vostede votarmo en cara como en Ourense votan unha cousa e aquí outra, pois non, eu voto baixo os criterios deste Concello non de Ourense, quería aclarar iso porque a dúbida que vostede sementou oféndeme, non me gusta que digan, porque eu creo que dende o primeiro día aquí dixen que eu era libra para votar e para decidir, iso unha cousa. Segunda cousa a min a moción do Grupo Popular paréceme boa, moi boa, pois si estou de acordo con ela, a pena é que xa non se pode facer nada con ela, que xa saíu a ordenanza aprobada e sinceramente as mocións da oposición non vale para nada, fanse se se quere e senón se quere non se fan, entón realmente é unha pena porque era unha boa idea iso de xuntar entre todos e chegar a un consenso tanto o Concello como os hostaleiros coma os políticos que podemos axudarlles. Eu quero aclarar outra cousa pídlle ó señor Padrón que por favor deixe o tema das asociacións, porque o outro día non vin ó Pleno foi por unha causa moi xustificada, moi xustificada, por unha enfermidade, entón a aritmética non daba, ese é problema non é meu, entón non o nomee porque o nomeala é unha ofensa como se vostede mañá cae enfermo non pode vir a un Pleno e lle digo eu no seguinte Pleno, claro non saíron aprobadas pola aritmética, mire primeiro está a saúde dunha persoa e despois o demais, porque pouco importa a aritmética se estou ingresada, un exemplo, entón a moción volvo ó mesmo paréceme boa pero xa non dá moito lugar despois xa do que acabamos de votar anteriormente xa non dá moito lugar, aínda que estou de acordo con ela. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Pídlle por favor a todos que se cingan ó tempo de momento estanse cinguindo.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicer que na moción fálase de que se conte con todos os colectivos está claro que aquí contouse con todos os servizos municipais implicados, Policía Local, e a Tesourería, Intervención, Arquitecto, Aparellador, os servizos administrativos de urbanismo, con todas as persoas implicadas dentro da administración local por suposto, tamén se escoitou a voz da



veciñanza que durante anos tenos transmitido a nós como grupo político por diferentes vías e os seus representantes políticos que eramos e a preocupación por cuestións cruciais como a ocupación desmesurada lle chaman así finamente algúns da vía pública, tamén estaban preocupados polos horarios, pola accesibilidade, iso escoitouse, e por suposto tamén escoitamos ós hostaleiros como dixemos que tivemos tres reunións con eles e sucesivos contactos durante seis meses ou máis que levamos falando da ordenanza, eu creo que é tempo sobradamente suficiente. Vostedes na súa moción que xa non me queda clara se é unha moción calzador incongruencia chamémoslle como queira, oportunismo, eu non sei como a queren definir vostedes, non sei se vostedes aínda se reafirman neste punto que di “ se paralizarán todos os expedientes sancionadores e o cobro de taxas do ano en curso 2016 ata que se aprobe a nova ordenanza”, é que estase aplicando unha ordenanza, non hai un baleiro legal, hai unha ordenanza e tense que aplicar, que eu non entendo esta maneira que teñen vostedes nestas últimas horas de contravir a lexislación vixente, pero quizás lla expliquen os cidadáns, nola expliquen a nós ou lla expliquen os servizos xurídicos do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a a palabra a señora Chelo Vispo. Son tres minutos agora.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón non me volva a chamar nin a min, nin o Grupo Popular irresponsables, prefiro mirarlle á cara, non é irresponsable cando nós no anterior Pleno esta moción traémola, esta moción traémola porque realmente no anterior Pleno cando o grupo de goberno nos dixo que todo estaba axeitado, que todo estaba perfecto, ninguén sabiamos que había problemas nós presentamos non unha moción, nin presentamos alegación porque entendiamos coma vós que todo estaba correctamente, cando nós igual que vós invitámosvos que viñerades a esa reunión cos hostaleiros, foi cando nos dimos conta de todo o que estaba pasando e que non nos explicaran, entón non é oportunismo é volver, ou sexa, dicirlle a un grupo de goberno, non é de explicarlle como hai que facer se isto se fixera no seu momento non pasaría nada do que pasou hoxe aquí sígoo dicindo, vamos a ver, non é oportunismo é non entender a moción, se a lee, no primeiro punto é crear esa mesa de traballo, onde todos esas asociacións entrarían, que non estamos, vamos a ver, esa mesa de traballo nunca se creou como di a señora Morenza, nunca se creou, por un lado ían a falar con un, por outro lado cando houbo problemas ían a falar individualmente con cada hostaleiro, vamos a ver a nós tamén nos contan as cousas, e a vostede tamén señor Padrón, e todos sabiamos que cando houbo problemas fíxose esa alegación, fíxose o das taxas, fíxose, a ver, houbo que intentar arranxar toda esta situación que tiña que levarse a cabo con esta mesa de traballo, entón entenda ben as cousas, non é oportunismo



porque é intentar facer as cousas correctamente, como se terían que facer, vale, e expliqueillo por activo e pasivo, oportunismo é saír como vostede sabía dende hai tres semanas na prensa a todas horas, acábollo de dicir antes, se nós quixéramos houbéramos xa saído todos na prensa, e non é o motivo, iso é ser oportunistas, porque cando hai algo, cando hai un problema é cando temos que atacar, non, o que hai é que arranxalo e arranxalo correctamente por iso trouxemos, eles se foron, porque se foron cabreados, é que, se ven os wathsup que temos nós, para dar, os pobres ían, en fin moi enfadados, entón eles xa non se quedaron, esta moción lémoslla ó voceiro e as catro ou cinco persoas que estaban nesa mesa, lémoslla e sabían perfectamente o que traíamos, sabían que non ían poder conseguir nada, co que pasou anteriormente entón por iso, nada máis, pero eu creo que quedou claramente ós hostaleiros quen os apoiou e quen non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Ramón, si, perdón.

O sr. Padrón toma a palabra: Vamos a ver mire, eu que me diga que se marcharan nós fomos coherentes co que viñemos aquí a votar, votamos unhas alegacións que dixemos a eles que iamos a votar que estábamos de acordo con eles, e dixémoslle que non iamos votar o tema das medidas que non estábamos de acordo, aparte que incumpre unha lei superior, o tema das medidas. Outra cousa, vamos a ver, senón se aproba, se se aproban as alegacións como se aprobaron a maioría delas, un 80 ou 90%, e non se aproba a ordenanza vostedes pensan que agora o grupo de goberno lle vai a aprobar a súa moción, entón que vai a facer, supoño eu, que fará aplicará a que hai, entón os hostaleiros van estar contentos?, ou sexa, non cóntelle iso, como que non, a ver, eu cando, despois conteste, a ver, contésteme fóra é igual, dáme igual, non fai falta que quede na acta, pero, digo que se non se aproba nese momento, se aproban esas alegacións, non se aproba, vostede non sei, ó mellor pois, non sei o que fará o grupo de goberno ó mellor collerían e todos contentos, votáronlle abaixo a súa ordenanza que querían aprobar e despois vanlle a votar a favor desta, non, ou aínda que esta saíra a favor, vamos a ver, aínda que esta saíra a favor, que fará o grupo de goberno, aplicará a ordenanza que existe agora mesmo, vostede, non, entón cal aplica, cal vai a aplicar, ou sexa, vostede fala, ou sexa, vostede está no goberno para saber cal vai a aplicar?, eu preguntome, preguntome, e o que nos dixeron a nós hostaleiros é que a ordenanza anterior non a querían iso foi o que nos dixeron a nós.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas, por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Case vamos cortando isto, porque xa levamos toda a tarde dende as sete e media co mesmo e seguir debatendo o que está claro é que se o señor Padrón votou o que quixo



que ten o seu dereito, e senón o entende non o entende é que non podemos facer nada, punto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza

A sra. Morenza toma a palabra: Só dicir para rematar que está claro que os hostaleiros querían un cambio de ordenanza porque non estaban como di o compañeiro de acordo coa que estaba aplicable que o PP non aplicable. Eles quería un cambio na estética, querían unha uniformidade na instalación de terrazas, querían cambios, querían melloras, querían baixada de tarifas, evidentemente tamén lle interesaba, pero querían outros cambios e estaban dispostos algún deles xa deron algúns pasos para introducir eses cambios, cambios que van na ordenanza, que ó mellor vostedes non se decataron do importantes que son para moitas persoas, e que afectan a accesibilidade. E se vostede non se deu conta ata despois de aprobada a ordenanza inicialmente neste Pleno, non se deu conta de que podía haber algún problema cos hostaleiros, entón vostede non está en contacto coa realidade social na que vive, non está en contacto porque tivo que esperar a que houbera unha explosión de inquietudes para que vostede se dera conta de que existía algún molestar con algúns puntos da ordenanza, os máis controvertidos que foron os que hoxe se debateron aquí, tivo que pasar, tivo que vir unha ordenanza, unha proposta de ordenanza aquí, saír aprobada inicialmente, despois si, despois déronse conta, porque os hostaleiros fóronlle protestar a súa porta, por favor, seriedade, eu actúo con seriedade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción. Non Chelo, interveu unha ou dúas, unha interveu dúas, díxenlle que moi brevemente, é certo, pero como reclame, pero que por favor que non entren en debate agora. É unha alusión e non hai debate.

A sra. Vispo toma a palabra: Só é explicalo a mesa de traballo non sei cumpría nin a anterior nin esta, era o que nós entendíamos que se volvera a facer a ordenanza, non aplicar a anterior, ou sexa, era, entendiches, en conxunto con todos, unha mesa de traballo, claro pero non a anterior, non aplicar a anterior. Señora Victoria Morenza coas súas palabras

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, Chelo pediu vostede intervención para aclararlle algo ó señor Ramón Padrón. Vou intervir moi brevemente, hai unha cuestión fundamental se non hai unha aprobación dunha ordenanza como puido ser, como se fixo neste momento, queda en vigor outra ordenanza, non hai baleiro legal e polo tanto habería que aplicala, nada máis teño que dicir, porque iso é así, non hai ningún baleiro legal, hai unha ordenanza en vigor que tería que ser aplicada nada máis.

Votos a favor da moción do Partido Popular, abstencións, votos en contra, o voto de calidade é en contra.

Sen máis sométese a votación resultando rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e Democracia



Ourensana, as abstencións do Grupo Mixto, e os votos e contra do Partido Socialista, BNG e o voto de calidade do Alcalde o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular sobre a ordenanza de terrazas e veladores aprobada inicialmente no Pleno de data 11 de abril de 2016.”**

10- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO COIDADADO DE PARQUES E XARDÍNS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción de Democracia Ourensana relativa ao coidado de Parques e Xardíns, ten a palabra a súa voceira.

A sra. Varelas toma a palabra: Despois de ver o estado no que se encontran os parques e xardíns da Valenzá en estado de abandono total, un exemplo deste abandono é a entrada de A Valenzá como está dando un aspecto nefasto do Concello de Barbadás, con herba sen cortar, entre as plantas hai herbas daniñas enormes, plantas sen coidar, e quero aclarar que o parque da entrada de A Valenzá xa o dixen o outro día, non pertence A Valenzá, pertence a Ourense, que segundo me dixo o Concelleiro lévao a Deputación, algo así aclaroume, o tema e o seguinte, o certo é que non é noso, pero temos dúas opcións, ou ben arranxalo nós ou ben estarlle encima á Deputación ou ao Concello que o teña preparado, ¿por que? Porque o primeiro que chega de Barbadás de A Valenzá e esa entrada, e esa entrada estaba, o sinal de ceda o paso case non se vía e daba unha imaxe de abandono total, a veces non é que unha cousa sexa nosa ou non, é a imaxe que da, entón temos dúas opción ou coidalo nós ou andarlle encima ao Concello de Ourense para que o arranxe, porque o Concello de Ourense non é que teña uns xardíns súper boiantes, pero están bastante mellor cos nosos, polo menos hai céspede, nós aquí en Barbadás temos herbas. Non só pasa aquí senón en diferentes sitios do Concello, os veciños véñense queixando do estado, inclusive algún enviou unha nota de prensa ao Periódico La Región, segundo me dixeron onte ou antes de onte, volve a haber un artigo, un artigo dun veciño calquera, que non pertence a ningún partido político poñendo fotos de como está o Concello de Barbadás é unha vergoña, eu digo unha cousa e vouno dicir, e vou dicir o que penso porque eu sempre son así, se está Concellaría o levara o Bloque outro galo cantaríaa, porque hai que ver como estivo Allaríz ou como está Allariz, o que pasa é que neste momento están levando unha persoa que para min non é competente o cargo que se lle deu, e así llo digo, o outro día preguntoume na Comisión informativa, se o que puña aquí ía referente a el, pois si, teño que dicilo vai referente a el, porque si antes tiñamos tres xardineiros e a verdade é que A Valenzá non está moi ben, pero estaba xenial, comparado con agora, agora que temos os tres xardineiros igual, temos catro persoas de obras, temos seis peóns



contratados e pode haber obras ou xardinería e temos catro persoas en formación dual, temos 17 persoas, explicádeme como 17 persoas non poden ter os xardíns ben, porque si dixeramos vale os peóns andan facendo obras, pero é que eu non vexo obra ningunha, porque solo fai falta ir aos pobos os bancos sen pintar, os bancos rotos, camiños sen asfaltar, e xa non falo do meu camiño señora Victoria cas súas promesas son políticas, falo camiños calquera está todo mal, entón os peóns non andan nas obras, senón andan nas obras e non andan nos xardíns ¿para que queremos contratar persoas? ¿Para gastar diñeiro tontamente? Eu o outro día ofrecínme ó señor Concelleiro pois a axudalo, ¿si? ¿e por que non? Eu de xardíns entendo un pouco, na miña casa que ten mil metros fago eu, e non se me caen os aneles, encántame e vexo que vostede non ten nin idea porque mire considerase xardéns todo aquilo todo que ten céspede e non herba, porque entón en A Valenzá e en Barbadás non temos 30 ou 40 xardíns temos mil, porque todas as fincas son xardíns ao seu parecer porque todas teñen herba. No Centro Transfronterizo o outro día baixaba co coche e andaban desbrozando, como en todo, cando se desbroza, as persoas con tan pouco coidado que deixaron as paredes todas pintadas de verde, para quitarlle o verde a pedra costa traballo e diñeiro, hai que votarlle produtos non pasa con unha manguera e con auga. O xardín que está a entrada da Valenzá, debaixo da Ponte, ou sexa antes da Ponte, ten herbas, as plantas hai que replantalas, cando seca unha planta hai que por outra, o plástico negro que se pon para que non se para que non creza a herba queda fatal véndose as pedras, iso non é para verse, senón poríamos todo plásticos, faríamos invernadoiros con todo plásticos. O que está debaixo da Ponte por outro lado mal coidado, o que está enfrente do ximnasio ese que está para arriba, iso non é un parque nin un xardín, iso é unha ridiculez, foron cunha desbrozadora, agora está a herba pequena nacendo e a outra encima, porque aínda encima non a quitaron ben, é que non vexo un sitio por onde coller, por exemplo Loiro a fonte de Loiro negra, sucia, o xardín mal coidado, é que mire señor Concelleiro ten que dimitir, ou aprender, ou mándeno a un curso de formación de xardinería ou non sei o que teñen que facer con el, pero o que está claro e que isto está mal, e non é por atacalo, o sexa non é atacar por atacar, é que isto vese, dáme igual que aproben a miña moción ou non a aproben, porque cando unha persoa fala claro e as cousas se ven aprobar ou non aprobar está nas vosas mans, e nas vosas mans vaise ver as ganas que tendes de facer ben as cousas, entón eu unha das cousas que propono é iso que vos poñades mans a obra co coidado de parques e xardíns, é dicir cortar herbas, dar velenos selectivos para as malas herbas, abonos para as plantas, ter as súas podas regulares e por plantas e árbores onde fan falta. En segundo lugar, os coidados non só se fan unha vez ao ano, senón periodicamente para ter sempre en bo estado os



parques e xardíns. E en terceiro e último lugar aparte dos parques e xardíns hai que coidar os árbores que están nas beirarrúas, coa súas podas regulares e quitarlle as malas herbas. O dito se tivera que cualificar cunha nota os parques e xardíns da Valenzá, poríalle un cero como unha catedral, entón a ver si tomades recortes, non se ría, porque a min se me están atacando así e dicíndome verdades, como llas estou dicindo ou é tonto ou fágolle gracia, na segunda ronda sígolle dicindo o mal que está, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós estamos de acordo nesta moción, incluso na que ven despois tamén referente a isto, vai por diante o noso respecto ao señor Concelleiro de Parques e Xardíns, porque consideramos que é unha persoa traballadora e con boa vontade, pero o resultado da xestión deste ano do tema da limpeza é malo, ou moi malo, isto é un mal endémico que non é deste ano solo, é doutros anos, o ano pasado pasou o mesmo, vimos o mesmo exactamente que este ano, este ano incluso aínda peor, o ano pasado solucionouse o tema contratando empresas porque claro non se da feito co que hai no Concello, entón contratamos empresas, búscase unha solución a herba medra e o problema está aí. Este ano hai unha cousa que nos constatamos que non pasa outros anos, que os veciños xa se están votando a limpar eles mesmos as cunetas, enfrente as súas casas, porque o problema non solo son nas beirarrúas que nacen unhas herbas de 20 cm. ou 15, pero quedan feas pero non estorban ó tránsito tanto peonil como dos coches, estamos falando de A Valenzá ou da Finca Fierro ou das travesías dos pobos onde existe a beirarrúa, dos dous lados quedan feos como é en A Valenzá o tema dos xardíns, estamos falando incluso de rúas de pobos que non teñen beirarrúas feitas, teñen cunetas e esas son as peores porque aí como o tractor como nós propuxemos, que se empezara que primeiro propuxéramos de comprar outro tractor pero despois vimos que comprar o tractor ó mellor non era solución pero propuxemos que se empezara a traballar o tractor moito antes, ¿ por que? Porque co tractor se da unhas cantas pasadas no Concello e despois a herba non medra na altura que medrou agora, porque agora como non pasou por certos sitios a herba medrou é a herba chega un momento que se deita, e ao deitarse nesas rúas que non teñen beirarrúas, aí xa van os coches pegando uns contra os outros e incluso aquelas que son máis estreitas xa nin se ve. Ben, propuxemos esas cousas, aparte dos 6 peóns tamén propuxemos que polo menos un deles tivera experiencia de andar cun tractor, creo que ningún deses 6 peóns ten experiencia no manexo do tractor, mal feito, porque un polo menos debería ser un experto en iso, e polo tanto xa digo a xestión é mala, o resultado está aí, está á vista de todo o mundo, hai pobos nas que as beirarrúas, hai algunha beirarrúa que esta



adoquinada por onde transita a poboación a xente vai pegando coas herbas, pero herbas estou falando de herbas de metro e medio, entón é necesario un plan de prioridades antes cando se pon a traballar o tractor e a xente que traballa no tractor e a xente que traballa nos desbroces e senón se dá atendido e necesítase organización e eficiencia, e senón se dá atendido o servizo haberá que contratar a empresas que o fagan, porque a xente vostedes se andan polos pobos e andan polo Concello e por A Valenzá van a ver que a xente quéixase moito da limpeza e incluso se teñen que limpar eles pois haberá que lle cobrar menos impostos pero isto hai que darlle unha solución e non podemos estar todos os anos cos mesmos problemas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, voceiro ou voceira.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): Boas tardes a todos. Dende o Partido Popular de Barbadás cremos que é absolutamente certo o exposto por Democracia Ourensana. Abandono total de parques e xardíns. Cremos que o exemplo da entrada de A Valenzá podería ser calquera outro parque de todo o Concello, efectivamente a imaxe actual do noso Concello caracterízase polo deixamento e apatía na limpeza e adecuación dos nosos parques e xardíns incluíndo os infantís, e os parques biosaudables, ademais o aspecto nefasto do Concello pódese ver na rúas, beirarrúas, marquesiñas, mobiliario urbano, e espazos verdes. Un exemplo claro de deixamento desta Corporación é o uso da cinta de seguridade prolongada e desproporcionada como nas seguinte áreas e elementos, bambán e biosaudable roto en Parada, tobogán e fonte no parque Salgueiriños, parque rúa Amieiros, zona ver do parque dos Patos, case en ruínas en Bentraces e un longo etc.... Entendemos que estes elementos atópanse precintados ata a súa reparación, polo tanto propoñemos que se use a mesma cinta para as árbores que quedaron sen podar. O que se pregunta Democracia Ourensana e leo textualmente “ se é debido a que a persoa competente non sabe facer a súa labor, ou fáltanlle ganas de traballar”, tamén nolo preguntamos nós, incluso a maior parte dos cidadáns, cando ademais de haber unha plantilla de xardineiros, esta aumentou considerablemente. O Partido Popular tamén pensa que o Concello de Barbadás ó completo debe ser caracterizado pola limpeza, beleza e conservación de todos o seu parques, xardíns e mobiliario urbano, cremos que non debe haber distincións entre cidadáns de primeira e de segunda, aínda que agora sexamos somos de terceira. Señores do goberno, non lles dá vergonza que dous grupos da oposición sen poñernos de acordos para nada presentemos dúas mesmas mocións no mesmo Pleno?, señor Alcalde, pasee polas rúas do Concello como facía antes. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Rafael Sierra.



O sr. Sierra toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todas e a todos. Despois de ver a súa exposición de motivos e de ser catastrofista, total co tema dos parques quero comentarlle que levamos dende novembro do 2015 desbrozando camiños, parques, carreiros, viarios e beirarrúas sen parar, co fin de previr e vostede creo que o sabe ben, creo que como este ano non foi ó uso e onde a metereoloxía eu non teño capacidade de obrar pois o normal é que en inverno as herbas sequen debido ás xeadas, este ano foi caprichoso e dixo que “tralarí”. A pesar disto o persoal non deixou de cortar herba, poñer plantas e árbores, aínda que dende 1 de decembro de 2015 a 1 de marzo de 2016 só tivemos 7 traballadores, xa que entre vacacións atrasadas, días de baixa, motivos persoais, baixa prolongada dun traballador de media sete traballadores para obras, parques e xardíns, onde houbo que facer podas, pór plantas, cortar herbas nos parques, cavar e arrancar herbas, arranxos en viarios e beirarrúas etc..., comentarlle tamén que en varios sitios levaron as plantas e houbo que repoñelas, e a chuvia que caeu estes meses, creo que non se puido facer máis con menos. Os parques medroulle a herba algo máis do normal é certo, e coa calor xa non se daba atendido a todo, por iso quero dicirlle que dende esta área e dende hai semanas temos case todo o persoal de obras e xardinería en desbroces, e en adecentar os parques e xardíns, xa que o máis interesado en que isto dea unha boa imaxe son eu. No referente á entrada de A Valenzá dende Ourense comunicarlle que as rotondas e parque que hai á esquerda pertencen á Xunta e Fomento que xa se falou con eles para que viñeran desbrozalo e a Xunta xa comezou a facelo, e isto non sería que nós llo dixemos, dende que nos chegan as súas queixas senón que xa o enviamos con anterioridade porque aquí nós non mandamos que eu saiba, tanto a Xunta, Fomento, Deputación e Concello de Ourense, manda o Partido Popular, xa me enterei que vostede fai como o cangrexo, anda ó revés, primeiro escribe e despois pregunta, sentidiño señora Fina. No relativo á persoa que enviou a nota de presa tanto na Voz de Galicia, como en La Región, comentarlle que cando isto se publicou as herbas da fotografía xa estaban cortadas, tamén casualidade. En canto ós herbicidas selectivos que supoño que é o que se refire teño que dicirlle que se fago deixo máis da metade dos parques sen herba, xa que hai que levantalos e volverse sementar céspede de novo, porque hai máis herbas de folla ancha ca céspede e este ano con maquinaria algo pesada non se podía entrar, xa que se fundía. No que se refire ós coidados, iso lévoo mamando dende que me naceron os dentes, xa que os meus pais tiñan gando e adicáronse á agricultura como se facía antigamente e dende que tiña sete anos xa levaba as vacas ó monte e dende que tiveron catorce araba, cavaba, abonaba e segaba, axudando na casa e estudando, aparte de ter un título de capataz agrónomo que algo aprendería, as podas xa se fixeron, en varios sitios abonouse, se replantaron plantas e se



repuxeron árbores, pero en A Valenzá é complicado porque nas beirarrúas que son estreitas hai que deixar sitio para a varredora que en varios lugares non queren porque cando medran as árbores chegan a altura dos pisos e teñen medo de que lle entren na súa vivenda. No relativo ós alcorques dicirille que cando se desbroza pola zona xa se fan, polo tanto o grupo de goberno vai votar a favor da súa iniciativa porque creo que estes deberes xa o estamos a cumprir. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu non sei se este Concelleiro, óuveme ben, escoita ben, ou algo lle pasa no oído, porque mire, eu non lle falo da labranza, a min que vostede vaia cas vacas ó monte, non me di nada, eu estou falando de xardíns, de céspede, non de herba, ese é problema seu, vostede ve un xardín con herba, e eu vexo un xardín con céspede. Mire voulle dar unha solución, o céspede e delicado, é certo que a folla ancha come o céspede, é certo que o musgo come o céspede, pero hai un céspede que eu non o coñecía, coñecino fai pouco en Portugal, hai un céspede que é duro, un céspede que chégallo cortalo cada dous meses, é un céspede que só require rego unha vez ó mes, e é un céspede axeitado para un Concello coma este que vostede di que non hai moitos recursos, se hai que levantar o xardín se levanta, se hai que sementar, seméntase porque entón sabe o que podemos facemos facer, asfaltar todo e acabouse o problema. Mire vostede ten moito sarcasmo, é moi pillo, pois voulle dicir eu non entro á miña casa porque a señora Victoria xa ben prometendo a miña obra, terei que algún día ser alcaldesa para asfaltar o camiño da miña casa, estou convencida, voulle dicir unha cousa por non repetir, metinme na política polo camiño da miña casa, así o digo porque me estiveron tomando o pelo, pero agora case me están obrigando a ser un día alcaldesa, ríase se quere, polo camiño da miña casa, mire mandeille hai pouco desbrozalo, porque sabe tiña a herba por aquí, por onde os peitos, míreme que estou falando con vostede e díxenlle “mira Rafael teño a herba tal, vasmó a desbrozar”, e efectivamente foi, pero vostede sabe que tivo que andar o meu marido ós dous días desbrozando do mal que o deixaron, vostede ten coñecemento de como quedou aquel camiño, se fan todo coma ese camiño, herbas aquí, herbas alá, mete unha máquina para min que o señor que foi desbrozar non sabe, porque voulle dicir unha cousa o PP ía pouco pero cando desbrozaba non tiña que ilo a repasar, pero con vostede tíveno que repasar, eu non porque non podo, pero o meu marido, e pena non haberlle sacado fotos para ensinarlle o seu traballo nefasto, entende?, e vaiase acostumando que lameiros e vacas non ten nada que ver con céspede, aprenda un pouco. E con respecto á miña moción xa dixen cando expuxen que sabía que os xardíns que hai á entrada de A Valenzá non pertencen a Barbadás, non me faga tonta porque de tonta non lle teño un pelo que calva aínda non son.



Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Repetir o mesmo que si veu inverno desa maneira, veu o que sexa, tamén o ano pasado choveu moito, pero iso vese vir, e xa sabe o que vai a pasar, entón o que, aínda que se fagan moitas cousas ben o que está claro é que houbo unha falta de previsión e disto, e a día de hoxe colleunos o touro, entón teñen que arranxalo, ou contraten empresas para que desbrocen porque a xente demánda, a xente demanda que lle limpen diante da casa, porque di que paga impostos e quere que lle limpen, e aparte non é só polo tema de diante da casa, senón pola entrada dos pobos, hai cruces e zonas con mala visibilidade deixouse medrar a herba moito, teríase que haber pasado o tractor antes, para que esa herba non estivera tan medrada está claro que cando se corta a herba hoxe porque o que a corta sábeo, cando corta a herba hoxe dentro de 15 días, ou sexa a que a cortou hai 15 días hoxe ten 20 cm xa de altura, pero senón se cortou antes agora ten case dous metro, non chega os dous metros pero a metro e medio déitase, entón temos o problema que temos, entón hai que ter previsión e senón xa digo o que non se viu o deste ano, nunca se viu tanta xente limpando as cunetas por propia iniciativa delas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Miriam

A sra. Prieto toma a palabra: Señor Padrón que unha cousa é un peón de obras e outra cousa é un operario de maquinaria, pensárano antes de contratalo. Antes pedían que traballara o tractor todo o ano, agora en que mes o sacaron?, eu vino moi pouco. Agora quéixanse tamén do número de operarios, antes non lle importaban as baixas nin as vacacións, tiñamos oito obreiros e tiñamos que chegar a todos os sitios, agora teñen 18 e non chegan a ningún. E a culpa será do tempo, en anos anteriores nós tiñamos o tempo que pedíamos. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Rafael Sierra.

O sr. Sierra toma a palabra: Comentarlle con referente ó último que dixo que eu creo que vostede o viu perfectamente o que foi a estrada dende aquí do Concello a Bentraces, a Birgueira, o acceso de Sobrado, parte do, estes desbrozouse xa tres veces, neste ano, neste ano, e creo que o viu igual ca min, que pasa por el todos os días, pois ese está claro e creo que se viu, que fai falta, e senón pregúntelle ós veciños seus, se é certo ou é mentira. As marquesiñas pregúntome algunha vez as limparon vostedes?, eu, as marquesiñas que eu saiba foi unha das primeiras cousas que fixemos cando chegamos, limpar as marquesiñas. O referente á señora Fina do relativo á labranza creo que non o entendeu para nada, vostede preguntoume se sabía algo disto eu díxenlle que me naceran ata os dentes dentro disto por iso



Ile expliquei o que era a cuestión, e o que son céspede eu tamén a invito a que vexa o meu, non vaia a pensar que eu na casa tamén non o teño. E o que si me chama a atención é o que aínda incida no tema das illotes da entrada de Ourense, vostede escribiu a moción e está aquí que se pode ler e despois foi preguntar, cando as cousas é o revés, primeiro pregúntase e despois escíbese por iso lle dixen que andaba como o cangrexo. Non teño nada máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación esta moción de Democracia Ourensana, votos a favor

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción de Democracia Ourensana relativa ó coidado de parques e xardíns: 1- que se poñan mans á obra co coidado de parques e xardíns, é dicir, cortar herbas, dar velenos selectivos para as malas herbas, abonos para as plantas, ter as súas podas regulares e poñer plantas e árbores onde faga falta. 2- os coidados non só se fan unha vez ó ano senón periodicamente para ter sempre en bo estado os parques e xardíns. 3- aparte dos parques e xardíns hai que coidar as árbores que están nas beirarrúas, coas súas podas regulares e quitarlles as malas herbas.

11- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA A CORRECTA IDENTIFICACIÓN DOS VEHÍCULOS DE MAQUINARIA PERTENCENTES Ó CONCELLO ASÍ COMA OS TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE OBRAS E PARQUES E XARDÍNS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para a correcta identificación dos vehículos de maquinaria pertencentes ó Concello así coma os traballadores dos servizos de obras e parques e xardíns. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): A ver se agora, se me permite vou propor a moción que imos traer agora. Vamos a ver, vouna ler, despois xa nunha segunda quenda dependendo do que vaian dicindo voulo aclarar máis en profundidade. Vamos a ver, moción do Partido Popular de Barbadás para a correcta identificación dos vehículos de maquinaria pertencentes ó Concello, así coma os traballadores dos servizos de obras e parques e xardíns. Actualmente o Concello de Barbadás conta cun importante número de vehículos e maquinaria, que aínda sen ser suficiente somos conscientes diso, presta un servizo moi relevante tanto en A Valenzá coma nas zonas máis rurais do noso municipio. Nun concello moderno e en crecemento poboacional coma o noso, faise necesario que estes vehículos sexan visibles polos cidadáns, e correctamente identificables. Así mesmo, é un dereito



e este é o punto máis importante de ter que presentar esta moción, é un dereito dos cidadáns coñecer en todo momento o uso que se fai dos vehículos oficiais do concello e da maquinaria da que dispón, e unha obriga de cada un dos concelleiros e concelleiras, garantir con absoluto carácter preventivo o uso normal destes. O mesmo pasa cos traballadores dos servizos de “obras” e “parques e xardíns” que ultimamente medrou en número e ós que cómpre dotar de uniformidade axeitada, igual dentro da súa área en modelo e cores e correctamente identificables polas veciñas e veciños. Por todo isto presentamos os seguintes acordos: Primeiro: Identificar axeitadamente os vehículos, remolques e maquinaria pertencentes ó Concello de Barbadás, ben con rotulación, ou ben con adhesivos especiais e resistentes ós cambios de temperatura e ás incidencias do tempo. No caso dos turismos e furgonetas nas dúas portas dianteiras, no capó do motor e sempre que sexa posible na parte traseira. Na maquinaria, nos lugares que non afecten á visibilidade do condutor ou condutores, que non sexa facilmente degradable polo traballo que realiza a propia máquina e que ó mesmo tempo sexa visible para outros condutores ou persoas. Esta identificación consistiría no emblema institucional do concello coas verbas “Concello de Barbadás”, área a que pertence e teléfono do servizo. Dotar os traballadores as traballadoras do Concello de Barbadás, que realicen as súas tarefas nos servizos de obras, parques e xardíns” da vestimenta e equipamento de protección individual EPIS axeitados, pois é moi común e todos o vemos na rúa a obreiros asentando lousas e demais sen casco, sen luvas, sen gafas de protección. A vestimenta deberá ser igual en modelo e cores, ó menos por cada unha das áreas, unha, “obras” ben diferenciada, e outra “parques e xardíns”, que teñen ademais a súa uniformidade asequible en calquera establecemento e cos cores que determinan cada unha desas áreas e ir serigrafada axeitadamente nas pezas que cobren a parte superior do corpo xa sexan chaquetas, camisas, polos, camisetas e chuvasqueiros. Esta identificación colocaríase en zonas visibles da uniformidade e contaría co emblema institucional do concello coas verbas “Concello de Barbadás” e o nome da área a que pertenza cada un dos traballadores. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada dicir, que si estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas ou a señora Julia Jácome.

A sra. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo coa moción esta, e sobre todo porque fai un tempo por un coche que tiña alugado o Concello de Barbadás, e aparcado diante da Casa da Cultura houbo un veciño que protestou pensando que era dun particular e si os coches están rotulados que son



do Concello pois evítanse moitos males entendidos, e é normal que se faga así. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o voceiro ou voceira do grupo de goberno.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Acerca do primeiro punto da súa moción aclararlle que cando nós chegamos ó goberno en xuño do ano pasado evidentemente dos vehículos que había só había un rotulado e ademais a rotulación correra a cargo dunha escola obradoiro xa hai non sei penso que 20 anos, e quero dicir que non se fixeran ningún esforzo para rotular nin a maquinaria, nin os vehículos ningunha, e cando nós chegamos ó goberno evidentemente un dos coches que quedaba en remanente pódese dicir, e que estaba condenado quizais o despezo que era un vitara, que era un coche da Policía Local aproveitouse e modificouse a rotulación para poñerlle Concello de Barbadás, ou sexa que xa demos pasos. Evidentemente estamos na tesitura de rotular os coches, pero estamos de acordo en que os hai que rotular, pero estamos de acordo tamén en que o diñeiro público hai que gastalo con tino, hai que saber xestionar o diñeiro público e en cuestións que son prioritarias agora mesmo isto non o consideramos que é unha prioridade aínda que estamos nesta liña de actuación por suposto. Sobre os equipamentos de, sobre os EPI dicirille que todos os traballadores que se incorporaron ultimamente como son os de educación dual, recibiron o seu EPI evidentemente, aquí teñen se queren pasámoslle copia os EPIS dos compañeiros de educación dual dos catro compañeiros e compañeiras de educación dual aquí teñen os EPIS firmados e recibidos por seis compañeiros de obras que se incorporaron no mes de marzo, que foron adquiridos o día antes á súa incorporación déuselles unha charla informativa sobre as características das tarefas que ían a realizar, e xa tiñan os seus EPIS, e despois están os EPIS que teñen os traballadores fixos do persoal laboral fixo da brigada de obras, evidentemente está todo na liña da legalidade, e dicir tamén, que por suposto que estamos de acordo no que din vostedes de identificar ós traballadores, de diferenciarlos os de obras e os de xardinería, pero como lle digo por agora non se vai poder facer aínda que estamos nesa tesitura, porque o diñeiro público xestionámolo con moito tino, e non sei se algún outro punto, si estamos de acordo cos dous puntos e imos votar a favor

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Manuel

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver, con respecto á declaración da señora Morenza, vamos a ver, por suposto que o que pretende esta moción precisamente é controlar e fiscalizar onde se meten os cuartos dos noso cidadáns. Vamos a ver, estannos a chegar e ese era o motivo de plantexar esta moción, estáanos a chegar queixas de veciñas e veciños que manifestan o seu pesar porque nos



últimos meses estanse vendo de xeito habitual vehículos con traballadores deste concello en lugares onde non se require esta presenza, nalgunhas ocasións fóra do Municipio, e noutras non coincide coa xornada laboral, unicamente podemos identificar que pertencen a este Concello pola matrícula do vehículo, pois carecen de identificación visible tanto os propios vehículos coma os propios traballadores, é curioso que isto ademais coincida co lamentable estado no que se atopa o noso Concello no tocante a estas áreas, cousa que queda patente polas mocións que hoxe estamos a traer aquí os distintos grupos, e polas queixas dos veciñas e cidadáns nos xornais. Pois o que dicía dos EPIS, a ver, téñense que curar en saúde cando se contrata a unha persoa de que alomenos asinen un documento de que reciben os EPIS, pero teñen unha responsabilidade en controlar que os utilicen, de pouco vale que llos dean, se logo non lle dicimos a el, tes que utilizalo, xa sabemos que é responsabilidade do traballador, pero tamén é responsabilidade súa, controlar que os utilicen, estar enriba. Vamos a ver, é increíble por volver un pouco do fío do que dicían antes os compañeiros, resulta que están vendo o que dicimos vehículos en zonas onde non se require a súa presenza e despois no tocante ó tema de parques e xardíns non se está facendo absolutamente nada, temos máis persoal ca nunca, temos dous Concelleiros con adicación exclusiva que ademais aumentaron nada máis tomar posesión todo hai que dicilo, é evidente dende logo a desidia deste grupo de goberno, e hai outra cousa tamén moi importante para ir rematando, vamos a ver, aquí contratouse a chico para todo, unha cousa é un peón de obras, outra cousa é un peón de xardinería, e outra cousa é un operario de maquinaria, moito ollo porque está establecido así, no houbo no calendario de ocupacións nacionais do Ministerio de emprego e seguridade social, hai que ter moi claro a responsabilidade de cada unha da persoa que se contrata, estamos utilizando chico para todo, o mesmo temos a unha persoa que nos coloca unhas lousas nunha beirarrúa, ca nos poda unha árbore, sen casco, por suposto, ca nos pon veneno para os ratos no parque dos cativos, hai que ter moito coidado con estas cousas, e agradezo que nun principio estean a favor desta moción, e a vaian a aprobar. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicirlle tamén que temos constancia, constancia non, pero estamos investigando esas posibles saídas do persoal vinculadas ó Concello porque os mesmos rumores tamén nos chegaron a nós, e están sendo investigados por suposto, dicirlle tamén e aclararlle que os EPIS, estamos investigando, eu fago uso da miña quenda de palabra, e vou procurar non ser interrompida, porque vou seguir facendo o uso da palabra. Respecto ós EPIS dicirlle que os traballadores todos son



informados de que teñen a obriga de usar os EPIS, se logo eles non usan o casco é baixo a súa responsabilidade, nós teremos un control directo, pero segundo a Lei a prevención de riscos laborais, e a miña compañeira Marga sabe moito diso, pois esa é a realidade, e nós trataremos de controlar aínda máis a utilización dos EPIS axeitadamente, evidentemente cando están desbrozando usan as gafas, usas os guantes e usas todas as proteccións que teñen que usar. Evidentemente nós incrementaremos a vixilancia neste sentido. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votación polo tanto, votos a favor da moción

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Partido Popular de Barbadás para a correcta identificación dos vehículos de maquinaria pertencentes ó Concello así coma os traballadores dos servizos de obras e parques e xardíns: 1.- Identificar axeitadamente os vehículos, remolques e maquinaria pertencentes ó Concello de Barbadás, ben con rotulación, ou ben con adhesivos especiais e resistentes ós cambios de temperatura e ás inclemencias do tempo. No caso dos turismos e furgonetas nas dúas portas dianteiras, no capó do motor e sempre que sexa posible na parte traseira. Na maquinaria, nos lugares que non afecten á visibilidade do condutor ou condutores, que non sexa facilmente degradable polo traballo que realiza a propia máquina e que ó mesmo tempo sexa visible para outros condutores ou persoas. Esta identificación consistiría no emblema institucional do concello coas verbas “Concello de Barbadás”, área a que pertence e teléfono do servizo.

2.- Dotar os traballadores e as traballadoras do Concello de Barbadás, que realicen as súas tarefas nos servizos de “obras” e “parques e xardíns” da vestimenta e equipamento de protección individual (EPI) axeitados. A vestimenta deberá ser igual en modelo e cores, ó menos por cada unha das áreas (unha, “obras” e outra “parques e xardíns”) e ir serigrafiada axeitadamente nas pezas que cobren a parte superior do corpo (chaquetas, camisas, polos, camisetas e chubasqueiros). Esta identificación colocaríase en zonas visibles da uniformidade e contaría co emblema institucional do concello coas verbas “Concello de Barbadás” e o nome da área a que pertenza o traballador”.

12- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE O ESTADO DOS PARQUES, ZONAS VERDES, RÚAS, BEIRARRÚAS E CAMIÑOS DE USO PÚBLICO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás sobre o estado dos parques, zonas verdes, rúas, beirarrúas e camiños de uso público. Ten a palabra o voceiro ou voceira do



Partido Popular. Ten a palabra por favor.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente aprobouse a adquisición por parte do concello de novos vehículos e maquinaria. Ademais contratáronse seis novos traballadores para a brigada de obras. Isto non foi suficiente para que en moitas zonas de actuación do servizo mencionado anteriormente se faga necesaria unha actuación urxente. Para o Partido Popular é unha prioridade fundamental o benestar das nosas veciñas e veciños, dende os máis cativos ata os nosos maiores, no tocante ás zonas de tránsito e de recreo das que dispoñen.

Por todo isto propomos os seguintes acordos:

ACORDOS:

- 1.- Revisión xeral de todos os parques do concello e das zonas verdes coa correspondente intervención e substitución, no seu caso, tanto dos elementos de xogo coma dos de seguridade, e que actualmente se atopan en mal estado.
- 2.- Revisión e limpeza das rúas e beirarrúas de todo o concello.
- 3.- Limpeza e acondicionamento dos principais camiños de uso veciñal, nos que nalgunos deles xa se fai difícil o tránsito peonil.

A sra. Prieto toma a palabra (PP): Xa non hai que dar unha volta polos parques ou zonas verdes do Concello para coñecer o seu estado actual, xa é vox populi fóra do Concello e ata fóra da provincia. Propóñolle á Corporación Municipal á que tanto lle gusta renomear edificios públicos que faga o mesmo cos parques infantís e zonas verdes e de lecer, empezando polo parque infantil de Loiro e nexos deportivos, areeiros, sen area renovada, herbas de catro cuartas, porterías e canastras sen rede, etc, hoxe máis coñecido polo parque do abandono, continuamos cara Bentraces esquivando herbas dun metro atopamos unha fonte sen auga, bancos en pésimo estado, ocultos pola vexetación, beirarrúas e os alcorques das árbores ornamentais abandonadas, cables de corrente sen protección ó alcance de calquera persoa onde debería existir unha farola, polo tanto proponho que a palabra abandono se utilice non soamente para o parque senón para todo o pobo en xeral. Bentraces non se libra, achéguese ó lavadoiro se é que o atopan, o parque infantil roubáronlle o areeiro, perdón, creo que está debaixo das herbas, eu non logrei velo, achéguese ó parque do local social, saben que existe, verdade?, en peor que os anteriores. O Barreiro, iso xa non ten nome e a rúas como a todo Concello un metro de herba, proponho que sexan coñecidos polo parque do esquecemento, pasando polo santiño no que xa non se ve o río chegamos ata o meu pobo, Sobrado, coñezo mellor que a miña casa, ou iso



pensaba, os lavadoiros e fontes con auga verde estancada, perigosos e insaúdaes, na acha do souto había roseiras, hoxe herbas de metro, no parque da desidia antigo parque Fidalguiño, como todos areeiros descoidados con herbas, fontes sen auga, redes en mal estado, cables de corrente á vista de calquera neno, máis do mesmo, ata tiñamos beirarrúas polos dous lados da rúa xeral, e agora herba polos dous lados, non comento o parque do Outeiriño, nin o do Carril porque me poño a chorar, iso si, agradézolles que fixera caso á miña petición de arranxar os bancos de pedra do Fidalguiño. Intentaremos ir a Barbadás sen pisar a estrada xeral evitar riscos cos vehículos, imposible, antes había un camiño por detrás do pobo, din os máis vellos do lugar que aínda o hai, o ano pasado era máis transitado que a estrada, que sorte tes Marabú, a ti limpáronche a xeral e a leira de galos, esquecéronse de facer o mesmo no parque infantil, tres cuartas de herba, ou nas rúas secundarias, ou sexa, toda un metro de herba, pero esta semana acordáronse do Centro transfronteirizo pasan moitos coches pola nacional e é unha vergonza telo así, en fronte do outro lado da estrada Pontón tamén existe, o mesmo do mesmo, ou peor, que areeiro, que herbas, que bancos, propoño que se chame parque Teruel. señores Concelleiros por favor vaian ó parque infantil do Fonsillón, a cadea e para que non pasen os coches vostede si poden pasar, pásenlle unha cavadora ó areeiro, é de pena, abandono absoluto, a Finca Fierro, ten un pase, sempre que mires para outro lado, que lles vou contar a vostedes, señor Alcalde, acórdese que xa non pertence ó Concello de Ourense, xa son de Barbadás, os parques máis do mesmo, pésimo, herba de catro cuartas, sen cambios de area, farois que non acenden, sorpresa, a primeira fonte con pequeno chorro de auga, que atoparemos en Parada, se vas en coche o único risco e atopar os peóns que circulan polo beiravía, a beirarrúa intransitable, herba, herba, e máis herba, xa en Parada onde a Policía Local acabou a cinta de seguridade precintando mobiliario urbano, biosaudables avariados, bambán partido pola metade, iso si, ca cinta da seguridade, ata cando señor Alcalde?. En Piñor no parque do deixamento, en fronte do tanatorio banco descoidado como no resto e creo ver detrás das herbas algún elemento de xogo infantil, o Común, o Común como a Lucinda un ano despois, un ano máis abandonado, pero ollo, no Concello de Piñor atopamos un areeiro sen herba, no parque de Roma, no parque dos selfies, fagan hoxe outra foto coas redes novas, os veciños déronlle un suficiente, aprobado, será que a metade da corporación é de preto. Deixamos o Concello de Piñor, e volvemos á realidade ó Concello de Barbadás, Concello de cidadáns de segunda, pero iso si, moitos cidadáns, aquí unha de cal e outra de area, os parques que se ven, escóndenos con barnadas vermella para esquivar a atención, e os que non se ven, impresionantes a modo de resumo, o parque dos patos, o máis transitado do Concello na zona de xogo infantil a herba come a area, e a area meréndase o



caucho sigo despois. No parque das rúas Salgueiriño provisión do resto de podas durante varios meses, os bancos os peores do Concello, alí puxestes un elemento de xogo novo de caída libre ou é que lle falta a rampla ó tobogán, canto semanas máis seguirá precintado, polo menos quitade os ferros que sobresaen da terra, alí pode mancarse calquera rapaz, os demais parques coma estes ou peor, herbas sen cortar, lousas de caucho sen repor, fontes en malestado, elementos de xogo avariados, areeiros sen cavar, baixadas dos tobogáns sen lixar, cheas de achas, e récord de cintas de seguridade, e récord de bancos esnaquizados, e récord de riscos e perigos para nenos e maiores, e para rematar unhas preguntas señor Alcalde, onde están as fontes de auga potable?, onde están as varandas que tanto pediades?, onde están a cartelaría informativa do servizo de emerxencia dos parques?, onde están vostedes?, señor Alcalde?, cando se encontren se iso ocorre corten a herba, cambien a area, fagan o que sempre pediron e xa non lembrar, e se lle queda tempo sigan pintando de vermello as varandas, pasos de peóns, as farolas, a herba, a auga, todo o que queiran, sigan facendo marketing político e non atendan ós veciños.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Miriam. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Para, xa se falou deste tema antes, está claro é que o estado do Concello en xeral é malo, antes tamén quería dicir unha cousa que tamén comprobamos que o tractor non sei por que motivo, por exemplo anda en Piñor e acaba de traballar acaba e non queda alí o tractor para o día seguinte, vense para aquí para a nave con que perde moito tempo, os tractores andando moito pola estrada e estráganse, e non sei cal é o motivo de se é que todos os días ten que volver á base, ou pode quedar onde estea traballando, porque non creo que ninguén, o vaia roubar, hai sitios onde deixalo, e así o traballador chega ó día seguinte, empeza con el, salvo que claro teña unha reparación ou algunha cousa que haberá días nos que teña que volver ó seu sitio, pero é unha apreciación que fago que por iso o falaba antes do tema da eficiencia e da organización, está claro que non se da atendido a todo é moi claro, porque todos os anos pasa o mesmo e cando ven un ano como o que veu este ano peor, entón hai que tomar medidas para o ano que ven, haberá que aumentar o presuposto de parques e xardíns, haberá que contratar en empresas, pagarlle a empresa que nos fagan o desbroce se nós non o damos feito, porque é unha cousa que demanda a xente, a xente está todos os días coa palabra limpeza na boca, todos os días, entón pois si nos gustaría gastar o diñeiro noutras cousas, pois si, ó mellor gustaríanos pero, nós estamos aquí para xestionar o Concello e darlles servizos, o servizo máis achegado ó cidadán, e o cidadán pide limpeza e pide os servizos básicos que pide, e telos ben atendidos os servizos que ve ó botar á porta, o pé fóra da casa, entón isto hai que



tomar cartas no asunto e se hai que reducir outros presupostos e aumentar estes pois haberá que facelo, o que non se pode é dar outro ano como este, non pode ser, porque é unha mala imaxe e xa non é só unha mala imaxe, en moitos sitios están perigosos porque hai camiños estreitos, hai cruces, e hai, xa digo está na boca de todo o mundo, calquera persoa, como cando falábamos do, non o vou dicir, calquera persoa que lle pregunte non Concello, di o mesmo, aquí hai unanimidade para este tema.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Non puido estar máis de acordo con esta moción porque máis ou menos é o reflexo con outras palabras do que eu expuxen, isto chámase un bo repaso a un concelleiro, vaia tomando nota señor Concelleiro coa súa exclusiva, que ten moito tempo do mundo vaia tomando nota do que dixo a compañeira do PP, todas as cousas que ten facer, e penso que aínda se quedou algo corta, porque eu penso que había máis, entón, vaia aplicándose as cousas e ser Concelleiro sabe o que é, ser un servidos do pobo así o vexo eu, ser un concelleiro non é estar lendo o periódico nunha cadeira, nin que se lle suba á cabeza, ser concelleiro é unha responsabilidade moi grande porque somos servidores de quen nos vota e de quen non nos vota vaia aprendendo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do grupo de goberno.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Evidentemente as condicións climatolóxicas como todos vostedes recoñecen non nos beneficiaron moito e aínda así levamos traballando dende o inverno incluso antes de que apareceran grandes cantidades herba de que medrara moito e temos feito en pobos como a Finca Fierro tres veces os parques, e en Piñor, en Bentraces, en practicamente todos os pobos, todos os parques foron feitos en dúas ou tres ocasións, evidentemente nós non puidemos loitar contra o tempo, e as persoas son as que son, dende hai semanas hai doce persoas desbrozando e intentamos chegar a todos os lugares, pero vostedes mesmos recoñecen e os que estiveron gobernando sábeno, non se pode chegar a todos os lugar non temos a variña máxica para desbrozar. Evidentemente seguiremos dando pasos, seguiremos traballando, sabemos que é complicado, estámolo comprobando e dicir respecto ó precintado de elementos de xogo que evidentemente témolos que precintar se están estragados, e evidentemente se están estragados e temos que encargar para repoñelos non se repoñen dun día para outro, nin dunha semana para outra, hai que proceder ó pintado e tratamento porque iso vai ser posto outra vez como elemento de xogo, e os nenos van xogar aí, e ten que estar, e ten que pasar uns procesos de pintado, e de tratamentos e iso sábeo ben a ex concelleira de obras. O tema dos parques estamos enriba deles por suposto, non estarán ó gusto de vostede, como tampouco estaban ó



gusto noso cando estabamos na oposición hai que recoñecelo, pero verdadeiramente estamos enriba, non foron meses o tempo que estiveron as ramas no parque do Salgueiriño foron semanas, non foron meses, non se pode mentir nin manipular. Evidentemente vostedes non poden discutir, vostedes non poden discutir que non se fixeran os parques de practicamente todo o municipio ata tres veces dende novembro, dende novembro tres veces os parques, algúns pobos desbrozáronse xa en dúas ocasións, dende novembro o tractor desbrozadora leva desbrozando dende a principios de marzo, e incluso en inverno fixo algunhas intervencións, e cando o tractor desbrozadora volta para a base será por algunha razón, en moitas ocasións son cuestións técnicas porque lle teñan que cambiar as coitelas ou cuestións que xa non dependen do concelleiro de quenda, depende do técnico que sabe o que ten que facer, e sabe se ten que levar o tractor á nave ou sabe se o ten que deixar no lugar, non é froito do capricho. E pouco máis a pesar de todo, nós imos votar a favor desta moción porque nós estamos traballando neste asunto, evidentemente non vamos a votar en contra de algo polo que estamos traballando, a revisión e limpeza de rúas e beirarrúas é evidente estámolo facendo, estamos facendo grandes melloras, vostedes só ven a cor vermella, nós vemos todas os cambios que estamos facendo incluso en mobiliario, incremento de papeleiras, en pintado de bancos, e limpeza de marquesiñas como dicía o compañeiro e incremento, incremento, incremento, vostedes non o queren ver ese é o seu punto de vista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor. Segunda intervención, si é certo.

A sra. Prieto toma a palabra: Agora que xa gobernan vostedes, agora que xa levan un ano, agora que son vostedes os que mandan, os que ordenan, os que administran, coidan e vela polas necesidades dos veciños, agora que xa teñen aprobada a compra de novos vehículos e maquinaria, agora que vostedes, perdón, agora que a vostedes lle permitiron o aumento da plantilla de oito traballadores a catorce máis catro, agora é hora de poñerse a traballar, corten a herba, cámbienlle a area ós areeiros, arranxen manteñan os bambáns e demais elementos de xogo en bo estado, limpen as fontes, tanques e lavadoiros e que boten auga potable, substitúan os bancos deteriorados, pónanlle redes a todas as porterías e canastras das pistas deportivas, limpen as beirarrúas, os alcorques das árbores, os camiños principais de pasos veciñais, repoñan lousas de caucho nos parques infantís, poñan farois onde falten e mentres tanto eliminan o perigo dos cables de corrente con algún tipo de protección, reparen os biosaudables, poñan varandas onde antes dicían que eran necesarias, substitúan os innumerables cristais rotos das farois, non acopien restos de poda no interior dos parques, señor Alcalde por favor fagan algo, algo, acórdense un pouco dos veciños, e fagan un mínimo de traballo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor. Aprobado por unanimidade.



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre o estado dos parques, xardíns, zonas verdes, rúas, beirarrúas e camiños de uso público: 1.- Revisión xeral de todos os parques do concello e das zonas verdes coa correspondente intervención e substitución, no seu caso, tanto dos elementos de xogo coma dos de seguridade, e que actualmente se atopan en mal estado.

2.- Revisión e limpeza das rúas e beirarrúas de todo o concello.

3.- Limpeza e acondicionamento dos principais camiños de uso veciñal, nos que nalgunhos deles xa se fai difícil o tránsito peonil.”

13- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE BARBADÁS PARA A DEROGACIÓN DA LOMCE E EN CONTRA DAS PROBAS E REVÁLIDAS DE PRIMARIA, ESO E BACHARELATO.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é a moción do grupo de goberno de Barbadás para a derogación da LOMCE e en contra das probas e reválidas de primaria, ESO e de Bacharelato. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Para o grupo de Goberno de Barbadás a LOMCE é unha lei nociva para o ensino público e galego. Unha lei que impide o dereito á educación para todo o alumnado, que acrecenta a privatización e a mercantilización da educación, desterra a igualdade de oportunidades, elimina a xestión democráticas dos centros, reforza a confesionalidade, promove a segregación do alumnado, españoliza aínda máis o ensino e reincorpora as reválidas do franquismo para expulsar o alumnado das aulas populares do sistema educativo.

A aplicación da LOMCE está sendo un desatino absoluto que supón graves prexuízos para o funcionamento dos centros e para a calidade do ensino. A Consellaría de Educación, lonxe de paralizar a súa implantación, continúa submisa aos mandatos de Madrid coa firme decisión de proseguir non só coa proba xeral de 3º de Primaria, senón tamén coa proba xeral de final de etapa de 6º de Primaria, malia que o curso pasado máis do 50% das familias se negase a que os seus fillos e fillas realizasen a de 3º de primaria. Así mesmo, ten decidido a implantación das reválidas de ESO e de bacharelato para o vindeiro curso, con consecuencias aínda máis graves e discriminatorias, xa que da súa avaliación depende a adquisición dos títulos de ESO e de bacharelato, respectivamente.

As e os nacionalistas e socialistas de Barbadás reafirmámonos na improcedencia das reválidas que nin



benefician o alumnado nin favorecen o proceso ensino-aprendizaxe.

O establecemento da proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretende pór as maiores trabas posíbeis para a continuación dos estudos. Responde, exclusivamente, a unha concepción totalmente clasista e elitista da educación e contribúe a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación, cando xa hoxe o ensino público carece de elementos compensatorios para facer efectivo e real o principio de igualdade de oportunidades.

É unha aberración desde o punto de vista pedagóxico someter o alumnado a unha presión innecesaria, mediante probas que o vai avaliar baixo estándares uniformizadores, sen considerar como un proceso no que hai que considerar as circunstancias persoais e socioeconómicas e as capacidades e actitudes do alumnado.

Limítanse a avaliar o ámbito lingüístico, matemático e científico-técnico, menosprezando a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical refusando o ensino da nosa historia e medio natural, imprescindible para a formación integral do alumnado.

Recentralizan o sistema educativo, dado que a elaboración e deseño das probas, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis serán fixados polo Ministerio de Educación, rexeitando así o estudo e coñecemento de todo o que nos conforma como pobo galego.

Desprezan a avaliación continua e a opinión do equipo docente, cando ninguén mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Subestiman e desconfían do traballo do profesorado que estará sometido e totalmente condicionado a orientar o seu traballo docente a preparar o alumnado para a obtención da mellor nota posíbel na avaliación final, marxinando outros aspectos educativos fundamentais para acadar unha formación o máis completa posíbel.

Responden á pretensión de conformar rankings de centros, segundo os resultados destas avaliacións e sen ter en conta as características do alumnado e os servizos cos que conta o centro, co obxecto de ir configurando unha rede elitista que contará con máis medios e recursos.

Pretenden ir afirmando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do neoliberalismo.



Por todo isto, os Grupos Municipais do BNG e do PsdeG-PSOE de Barbadás someten á consideración do Pleno do Concello de Barbadás os seguintes:

ACORDOS

- 1.- O Pleno do Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Educación e Cultura de Galiza que en cumprimento das súas competencias en materia educativa solicite ao Ministerio de Educación a derogación inmediata da LOMCE.
- 2.- O Pleno do Concello de Barbadás declárase contrario á realización das probas de 3º e 6º de Primaria, así como ás reválidas de 4º da ESO e de bacharelato por consideralas nocivas para o alumnado.
- 3.- O Pleno do Concello de Barbadás transmitirá estes acordos á Consellaría de Educación e Cultura de Galiza e á comunidade educativa dos colexios de primaria do noso concello así como do centro de referencia de ensino secundario.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo de Goberno de Barbadás solicita ao pleno do Concello de Barbadás a adopción dos seguintes

O sr. Fírvida ten a palabra: Moi rápido porque é unha moción do grupo de goberno eu considero que dar tempo para as mocións da oposición, o único como a moción supoño que xa todo o mundo a leu quero facer fincapé no innecesario e no absurdo que supón someter a nenos de oito anos de idade, e de once anos de idade a unhas probas de nivel que nada van mellorar o sistema educativo que supón un grande atraso sen embargo no proceso evolutivo dos nenos, aparte de que a LOMCE é unha Lei absolutamente privatizadora, mercantilizadora do ensino que atenta contra igualdade de oportunidades que elimina a xestión democrática dos centros que reforza a confesionalidade que promove a segregación do alumnado, que españoliza o ensino e que reincorpora reválidas do franquismo, o que traemos hoxe a este Pleno son precisamente estas reválidas. A reválida de cuarto da ESO despois de que un alumno pase un sistema educativo acompañado polo seu profesorado durante en primaria cinco horas diarias, en secundaria seis horas diarias, profesores que os acompañan durante todo o curso académico ven unha persoa externa, de fóra do centro a avaliar e dicir si ese neno están capacitado, ou non está capacitado ou esa nena se están capacitados para ter acceso a un título oficial como é o título da ESO, que pode cortar de raíz a evolución educativa dende neno, imaxinen vostedes se un neno, un fillo, unha filla seus dando o exame de bacharelato despois de ter todos os cursos de bacharelato todo ESO aprobado, os profesores que teñen avaliacións continuas, que os coñecen, que van un día con febre, a este exame e que o suspenden, quedan sen título de bacharelato, non acceden á universidade,



non acceden ós ciclos superiores de formación profesional, que supón para o neno de oito anos de idade, de tres anos de idade parar a súa educación durante tres días, oito horas de exames, exames de matemáticas que teñen que contestar a 38 preguntas en 60 minutos, un minuto e medio por pregunta, e enriba uns criterios de avaliación que son descoñecidos que ven xente externa ó centro educativo, xente de fóra de Galiza, onde non se avalía competencias como son o coñecemento do medio, a historia, o patrimonio deste País, nin sequera a lingua deste País, co cal non sabemos moi ben que pretenden a LOMCE con esta reválidas e con estas probas de nivel, e máis nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Nada dicir que estamos en contra da LOMCE, e polo tanto estamos a favor da moción, de todas maneiras este ano non é, ou sexa, fíxose pero non ter valor e de esperar que cando haxa un novo goberno vai haber un cambio de educación, porque sempre pasa aquí este País cada goberno que entra cambia as leis de educación e entón a ver se por algunha vez na vida se poñen todos de acordo en ter unha lei de educación por consenso absoluto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Jácome toma a palabra (Democracia Ourensana): Democracia Ourensana cree que non deberíamos descender no ámbito municipal, é facer creer que nós dende aquí podemos cambiar algo cando dende o ámbito municipal realmente é que non se pode cambiar absolutamente nada, cremos que a Lei é a que é, evidentemente non se pode edulcorar ou botar sal o teu gusto, e que educación e política teñen que ir por derroteros completamente distintos, e dende logo o que está claro, é que en Democracia Ourensana vámonos a abster todas as mocións que non se cingan, que non sexan, que non se cingan ó ámbito municipal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra (PP): Boas noites a todos. Hoxe o grupo de goberno trae unha nova moción trampa, suponse que para conquistar un acordo pero na realidade non o desexan nin fan nada por alcanzalo. Preséntanos un montón de medias verdades que é moito peor que mentir, vámolos ver polo miúdo, en primeiro lugar aproveitanse dos cativos de 10 ou 11 anos para utilizar e así atacar as iniciativas do Partido Popular, así o puidemos comprobar nestes últimos días na prensa e medios de comunicación. En segundo lugar estas probas non pretenden avaliar ós alumnos coma vostedes falsamente afirman, senón que ten a única intención de mellorar lamentablemente o estado do sistema educativo, convén recordar por si se esqueceron que as únicas leis educativas que se chegaron a aplicar nestes últimos 26 anos de democracia son socialistas, e son as únicas cumprables de ter sumido



o noso sistema educativo na cola dos países europeos, de avaliar ós alumnos xa se encargan os seus mestres e titores na avaliación continua ó longo dos cursos non o vai facer a LOMCE. En terceiro lugar o que entón está claro non quere que se avalíe o sistema educativo tal vez será porque teñen medo ós resultados, dalles medo que coincidan coas probas internacionais como a PISA (programa internacional para a avaliación de estudantes) realizado pola OCDE (organización para a cooperación e o desenvolvemento económico). A nós o Partido Popular e o resto da cidadanía en cambio o que nos alporiza é que cada tres anos teñamos que pasar pola vergonza de ser os últimos o posto 23 de 28 no ano 2012 por poñer un exemplo. Cuarto lugar, se tan mal é avaliar podíanos explicar como é que ningún dos dous partidos que presentan esta moción solicitaron a retirada dos alumnos e alumnas españois e galegos das probas PISA, o PSOE con maioría absoluta tampouco o fixo no seu momento. En quinto lugar o quinto argumento seica as probas PISA non responden e cito textualmente a súa moción a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúe a excluír ó alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación e igualdade de oportunidades?, miren vostedes se se lles ocorre dicir esta trapalladas en Europa correríanos a vostedes a gorrazos, calquera persoa sen necesidade de ira a universidade de que a maior garantía que teñen as clases e os alumnos máis desfavorecidos economicamente ten que ver coas probas ou reválidas de educación pública son esas probas e reválidas que lle garantan a igualdade de oportunidades, os ricos xa van a colexio e universidades privadas a conseguila como fan moitos dos fillos de líderes socialistas ben coñecidos de vostedes, e podemos poñer nomes, vostedes sábeno ben así que demagoxias as xustas como de costume. Sexto lugar en Europa empezando polos países que tan de moda están en educación, os Países Nórdicos, Alemania, Dinamarca, Países Baixos, Portugal, Italia, Estonia, Reino Unido, Francia ou Irlanda, sóanlles?, teñen reválidas en Bacharelato moito máis esixentes e non avalían nin sequera os cursos, e non pasa nada, ó contrario están na cabeza. Sétimo lugar a vostedes se lle importara a educación para algo máis que para facer demagoxia, deberían saber que o ensino en España está fatal, así o reconece o mesmo director do PISA o doutor Andreas Schleicher, ese señor é un referente mundial en educación, non o digo eu, dio el, afirma que nas dificultades dos alumnos españois non hai diferencias sociais, rexionais, ou por centros coma sempre igualdade socialista si pero pola baixa, o doutor achaca o feito de que o ensino en España céntrase demasiado na reprodución dos coñecementos que se adquiren e non extrapolalos para resolver solucións prácticas Schleicher indica ademais no seu último informe en total contradición vostedes señores do BNG e do PSOE de Barbadás afirman, que os peixes co mellor rendemento son aqueles que se comparan de forma pública



os resultados das avaliacións do sistemas educativos, en resumo, en contra do sentido común e ante esta emerxencia na educación o único que propón o bipartito de Barbadás e non avaliar o sistema, iso mesmo é o que están a facer co goberno municipal, acabamos de velo, non estamos xestionando en absoluto pero iso si, miremos para outro lado con mocións coma esta que intentan despistar, falar de Europa, vamos falar de tal, menos falar dos problemas dos xardíns e cincuenta mil temas que temos aquí e onde non hai problemas créanos que é peor, así é que e seguirán catro anos perdidos en Barbadás, vostedes o que queren e que continuemos como estamos, en Barbadás e en toda España seguen a corda Europa por culpa do seu nefasto sistema socialista, xa é o que nos faltaba por oír.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nós traemos esta moción porque cremos que si afecta a este Concello de Barbadás a educación é unha parte moi importante deste Concello, neste Concello hai moita xente nova, hai dous colexios de infantil e primaria onde as ANPAS deses colexios públicos fixeron unha campaña en contra destes exames incluso prepararon actividades alternativas para que o alumnado non asistise a clase a estas probas e puidese disfrutar dun día de lecer, porque consideraron os pais deses nenos e desas nenas dos colexios públicos deste Concello que son moi prexudiciais e son nocivas para eses nenos, non teñen por que estar sometidos en esas idades tan temperás a esta presión psicolóxica que supón facer exames ca única idea de converter isto en Estados Unidos, en un mercado, en unha competición e que só gaña o primeiro, só gaña o que chega en primeiro lugar, houbo un tempo no Estado Español e neste País, onde os profesores tiñan autoridade suficiente diante da sociedade, e diante dos pais, e das nais, para poder cualificar e estaba considerada a actuación a actividade docente como unha actividade onde os profesores tiñan todas as ferramentas e eran os que tiñan que avaliar, agora o señor Manuel voceiro do Partido Popular non fai unha lectura, seguramente sacada dalgún informe da FAES elaborado polo señor Wert falándonos marabillas doutros sistemas educativos europeos cando non o que non nos di é o nivel socioeconómico desa sociedades, cal é o investimento realizado neses países no investimento público, no ensino público porque eu quero recordar cales os foron os recortes que aplicou o Partido Popular, e que en España se adica menos do 6% do produto interior bruto a educación, cando eses países que nomeou o señor Manuel superan en moitos casos o 10% do produto interior bruto adicado a educación, polo tanto non se debe avaliar só as competencias dos nenos senón tamén as súas situación económica a situación sociolaboral dos seus pais, o contorno no que viven, e onde veñen e a onde queren ir, pero claro se aquí traemos informes do señor Wert pois así andamos, en todo caso eu digo o mesmo, prefiro que tratar as mocións da



oposición que unha moción do grupo de goberno, o informe PISA ten tantos detractores coma apoiantes, informes en contra dos informes PISA xente que está en contra a moreas, informes educativos, a moreas, de que é un mal informe educativo porque non valora todas as competencias, non as valora, entón en fin.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. González toma a palabra: Máis do mesmo, como sempre o señor Fírvida non escoita o que lle din nin e contestase ás veces así mesmo. A demagogia aquí está facendo entre outros o BNG neste caso que mete medo á cidadanía con cousas que non habería por que. En canto á información non está sacada nin do señor Wert nin dun informe de ningún tipo, senón sacado dos seus compañeiros de colexios seus, ó mellor se lles digo os nome os coñece, sindicalistas, coñecen ben a materia, incluso críticos coa LOMCE co que hai que corrixir pero con sentido común non coma outras, Os sindicalistas ben documentados. En canto a facernos perder o tempo pois vostede mesmo, di se tan mala era porque non a sacaron cando estiveron a gobernar o PSOE con maioría absoluta ou por que o BNG no ámbitos que lle correspondeu non o sacou, será porque non é tan malo, aquí nos queren enganar e nos queren facer perder o tempo como concelleiros cando aquí non toca iso. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Votos a favor da moción, repetimos votos a favor, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra do PP o seguinte acordo:

“Moción do Grupo de Goberno de Barbadás para a derogación da LOMCE e en contra das probas e reválidas de primaria, ESO e Bacharelato: 1.- O Pleno do Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Educación e Cultura de Galiza que en cumprimento das súas competencias en materia educativa solicite ao Ministerio de Educación a derogación inmediata da LOMCE.

2.- O Pleno do Concello de Barbadás declárase contrario á realización das probas de 3º e 6º de Primaria, así como ás reválidas de 4º da ESO e de bacharelato por consideralas nocivas para o alumnado.

3.- O Pleno do Concello de Barbadás transmitirá estes acordos á Consellaría de Educación e Cultura de Galiza e á comunidade educativa dos colexios de primaria do noso concello así como do centro de referencia de ensino secundario.”



14- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A CREACIÓN DUN PUNTO LIMPO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto para a creación dun punto limpo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Rapidamente, traemos ó Pleno outra demanda dos veciños durante todos estes anos, para a creación dun punto limpo deste Concello. A protección do medio ambiente é un dos maiores retos ós que se enfronta unha sociedade consumista que cada día xera máis desperdicios. As administracións públicas sostidas cos impostos que pagamos cidadáns, neste caso o concello, teñen a obriga de prestar o maior número de servizos posible e que estes sexan de calidade. O concello presta servizos en materia de benestar social, infraestruturas, culturais, deportivos, seguridade, emerxencias, educación e relación social.... Neste senso cremos, pola demanda existente, que o servizo de Medio Ambiente se debería mellorar coa creación dun punto limpo onde os particulares residentes no concello poidan levar os residuos para tirar ou reciclar tales como:

Restos de electrodomésticos (lavadoras, pranchas...)

- Pilas
- Baterías de coches
- Radiografías
- Roupa e calzado usado
- Tubos fluorescentes, lámpadas especiais
- Aceite vexetal
- Aerosois e esprais
- Escombros
- Frigoríficos
- Medicamentos

A día de hoxe isto non existe e os veciños actúan segundo a súa propia conciencia. É preciso un plan de concienciación municipal eficaz que dunha vez por todas inculque a cultura da reciclar entre a veciñanza: a utilización correcta dos contedores do lixo; a súa limpeza periódica; o reparto entre a cidadanía de contedores especiais para materia orgánica como xa se está a facer noutros concellos; etc. Por todo isto consideramos que o pleno do noso concello debe debater sobre estes asuntos e someter a votación os seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Instar ao grupo de goberno a elaborar un plan municipal sobre a importancia da reciclaxe e de



como levala a cabo neste concello pois o principal problema co que se enfrenta o proceso de reciclaxe é a falla de educación da sociedade en xeral sobre este aspecto. Este plan municipal conveiría que fora primeiramente en tres ámbitos, reducir o consumo de produtos e embalaxes para ir diminuindo a cultura do consumismo esaxerado que tantos residuos xera, reutilizar moitos recipientes que tiramos ó lixo, caixas que poden ser facilmente empregadas noutro tipo de funcións, etc...reciclar cada casa debería seleccionar e separar o lixo para depositalo nos contedores tradicionais e no punto limpo. Este plan tamén debe incluír unha campaña dirixida á veciñanza ó comercio e actividade empresarial e con esta campaña conseguir información sobre o punto limpo o uso correcto dos contedores, as boas prácticas cívicas nas rúas e nos lugares públicos. Hai exemplos, por exemplo o que se está facendo agora en Allaríz o reciclaxe da materia orgánica con repartición de composteiros individuais e de composteiros tamén comunitarios, e tamén sería ampliable o tema da broza resultado dos desbroces dos particulares e como se podería facer a xestión diso non só cas queimas, senón se se podería enviar a algunha central ou un estudo que se debería facer tamén nese ano. E logo o segundo acordo é dar traslado aos colectivos veciñais e cidadás do concello para que fagan as súas achegas sobre o punto anterior, sobre o plan municipal de reciclaxe, sobre a campaña. E por último que sería que é o motivo da moción que é a creación dun punto limpo dentro do concello onde se poidan recoller todos eses residuos enumerados anteriormente. Que cremos que polo volume deste Concello sería necesario levalo a cabo. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana, agradecería a todos que foran o máis breve posibles.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu quería facer unha pregunta ó señor Padrón pero vostede sabe os requisitos que hai que ter para ter un punto limpo no Concello, onde vai situado, porque vostede propón unhas mocións axeitadas e boas pero nunca propón solucións, entón eu pregúntolle se vostede realmente sabe en que sitios se pode poñer, e cales son os requisitos para facer un punto limpo claro, porque para votar unha moción como vostede di hai que estar ben informado de todo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moita grazas. Ten a a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Fina a ver se nolo explican agora porque o Concelleiro imaxino que asistiu porque pasou unha dieta de a xornada SIRGA Xunta de Galicia onde foi a xestión de puntos limpos, entón pois esperemos que nolo explique se lle deixa a vostede. Vamos a ver hai unhas axudas para elaborar a estratexia de entidades locais ata 4.500 €, para concellos de menos 20.000 habitantes,



creo que é así, este procedemento é concorrência competitiva e ese está nos fondos FEADER 2010-2020. Hai un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través de medio ambiente ordenación do territorio e a FEGAMP en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos que é a RAEE os requisitos é señor Padrón escoite que a ver onde o temos básculas para pesar á saída da instalacións, superficies impermeables, sistemas de contención, vamos a ver superficies impermeables sistemas de contención, espazo baixo cuberta para almacenamento sistemas de seguridade e control de accesos, establecer protocolo de seguridade e hixiene, beiravías, palés, contedores de tamaño axeitado, onde temos todo isto?, hai que traer mocións que realmente nos sirvan para algo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do grupo de goberno.

A sra. Morenza toma a palabra: Efectivamente o compañeiro Rafael asistiu a estas charlas sobre o punto limpo, e dicir que nós queremos presentar unha emenda in voce ó punto número 3, sería, entregámoslla ó inicio da sesión, instar á Xunta a iniciar o estudo a posterior creación, se procede dun punto limpo comarcalizado que preste servizo entre outros ó Concello de Barbadás. Agora mesmo estase estudando a posibilidade está o compañeiro Rafa estudando a posibilidade de mancomunar o servizo con Toén, vaise facer unha visita á Garda que e un dos Concello modélicos neste sentido e aclararlle que agora mesmo xa existen a posibilidade de que os veciños se entreguen restos de electrodomésticos, frigoríficos, e os escombros tamén se poden utilizar os escombros, domésticos pódense entregar en UNTRAMIC que é a factura asumiría o Concello de Barbadás, os medicamentos se entréganse nos puntos SIGRE, o aceite vexetal xa hai colectores ó respecto, tubos fluorescentes, lámpadas especiais xa hai un colector deste tipo nun establecemento comercial nunha área comercial no Municipio de Barbadás, a roupa e calzado usado, recóllese ou ben no banco solidario, ou ben nos colectores que hai distribuídos ó longo do Concello pola empresa humana, as radiografías recóllense nos centros de saúdes, as baterías de coches nos talleres e as pilas imos asinar un convenio coa Xunta de Galicia para a colocación de colectores de pilas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Hai que lembrar que hai que someter a votación a emenda que se presentou. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu quería saber por que o señor Rafael vai ós cursos e fala Victoria, non ten palabra nin voz nin voto, se é unha persoa que vai ó curso pasa unha dieta polo que fixo, non pode falar, ou é que non está capacitado



O sr. Alcalde toma a palabra: Iso non é obrigatorio que fale.

A sra. Varelas toma a palabra: Vamos a ver, o normal, déixeme acabar señor Alcalde, o normal é que se unha persoa vai a un curso e se informa e vai a informarse pois será o normal que fale esa persoa, ou sexa, que pasa que a outra sacode mellor.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Fina e mira a dieta por casualidade. Señor Padrón xa lle traio os deberes feitos non hai que ás, é moi breve que traemos os deberes feitos, señor Padrón non temos que instar á Xunta, non hai que esa emenda que quere facer a señora Victoria, o señor Concelleiros estivo na Deputación facendo as xestións oportunas, vamos a ver traemos se queren e se poñen en negociacións coa Deputación para que os veciños de Barbadás poidan a levar a San Cibrao incluso, ou sexa, poden, xa sería un convenio que habería que facer a min, explicáronnolo estes días un camiión para recoller pois días X todo o que é o punto limpo para levar a San Cibrao ou onde sexa, estamos poñendo un exemplo, isto non sería o convenio a realizar. Non hai que ir moi lonxe hai que facelo aquí coa Deputación en outros Concello estase facendo, entón é fácil non ten ningún problema soamente é negociación. Despois para hai algúns vertedoiros incontrolables neste Concello que hai subvencións para pechalos automaticamente, entón, vamos a ver señores deste goberno, por Deus xestionen, xestionen, non hai que ir á Xunta, non hai que ir a ningún lado, non hai que facer un punto limpo, témolo preto, témolo preto soamente é preguntar, preguntar pero preguntar as cousas axeitadamente, porque os do punto limpo expliqueino na Deputación e entendéronme o que non entenderon a vostede o que querían.

Sen máis sométese a votación a emenda presentada polo PSdeG-PSOE resultando rexeitada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da moción, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do Grupo Mixto, as abstencións de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana e so votos en contra de PP o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para a creación dun punto limpo”**

15- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO DE APOIO ÁS FAMILIAS CON DISCAPACITADOS MAIORES DE 21 ANOS

Por razóns de horario queda sobre a mesa.



PARTE DE CONTROL

16- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

17- ROGOS E PREGUNTAS

Presentaranse por escrito

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 24:00 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL